Memoria 2017

20 Anos a Fondo coa Solidariedade



Memoria 2017

Fotografías de portada: Fondo Galego

Edita: Secretaría do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (IGADI)

Sede do Fondo Galego: FEGAMP- Área Central
Rúa Varsovia, 4C – 6ª
15703 Santiago de Compostela
Tfno.: 981-555-999
Fax: 981-565-203

Secretaría do Fondo Galego: Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI)
Centro Cívico Sur, Rúa Luís Braille, 40 - 36003 Pontevedra
Tfno: 986 84 34 36 / 698 144 536
info@igadi.org

Tiraxe: 350

Impresión: Tórculo
Deseño gráfico: PositiBos.gal
Depósito legal: Vg. 276-2014

ÍNDICE

0	PRESENTACIÓN	5
1	TECIDO E VIDA ASOCIATIVA	7
2	RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	15
3	PROXECTOS	21
4	SENSIBILIZACIÓN	35
5	COMUNICACIÓN	45
6	BALANCE ECONÓMICO	47
7	AXENDA 2017	51

0 PRESENTACIÓN

Hai algo máis de vinte anos, un pequeno grupo de concellos pioneiros, da man do Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI), lanzáronse á aventura de contribuír á loita contra a pobreza a nivel global. Hoxe somos xa 94 administracións locais galegas as que unimos esforzos a través desta rede para acadar un mundo máis xusto. E o número non deixa de medrar. Cada vez son máis os concellos que se achegan ao Fondo Galego e que amosan a súa vontade de participar nesta política pública mancomunada de cooperación ao desenvolvemento.

Desde 1997, o Fondo Galego apoiou máis de 150 proxectos en preto de trinta países, entre os que destacan Cabo Verde, Nicaragua, Cuba, Perú e Mozambique. Tamén ten ofrecido axuda de emerxencia perante conflitos bélicos e catástrofes naturais, coma o terremoto en Haití ou a chamada crise de persoas refuxiadas. Pero o seu labor non se limita só ao apoio de proxectos de cooperación ao desenvolvemento nos países do Sur, pois cremos que aquí, en Galicia, en cada un dos nosos concellos, hai moito por facer tamén para erradicar as desigualdades Norte-Sur. O cambio de mentalidade cara unha maior corresponsabilidade das inxustizas a nivel mundial é un ingrediente imprescindible para conseguir un mundo máis equitativo e solidario.

Tras vinte anos de andaina son moitas as persoas e entidades que nos acompañaron neste camiño e a todas e cada unha delas quero facerlles chegar o máis sincero agradecemento en nome da Comisión Executiva do Fondo Galego. Sen esquecer ás persoas que ocuparon a súa Presidencia: Alfredo Novoa, do Concello de Oleiros, e Teresa París, do Concello de Redondela.

Destacar o apoio recibido desde o inicio por parte doutros Fondos de cooperación xa existentes no ámbito estatal e que mesmo no mes de novembro apoiaron ao Fondo Galego para ocupar a Presidencia da Confederación de Fondos, unha nova responsabilidade que afrontarei co afán de impulsar este espazo de coordinación e aprendizaxe mutua.

E non podemos deixar de agradecer. Á Fegamp, por ser un apoio incondicional ao longo dos 20 anos de percorrido, á Xunta de Galicia, pola aposta do papel fundamental que acada o Fondo Galego no eido da sensibilización da cidadanía, ao propio Igadi, por ser o artífice do que neste ano celebramos, en especial á figura de Xulio Ríos.

Nos próximos anos temos por diante o difícil pero non imposible reto de acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU, e precisamente o traballo en rede é unha das claves para conseguilo. Así que seguiremos tecendo alianzas con outras administracións, como é a Xunta de Galicia, e tamén coas organizacións da sociedade civil, a través da Coordinadora Galega de ONGD.

Por último, só me queda animar ás deputacións e concellos socios do Fondo Galego a intensificar a súa implicación e convidar a aqueles que aínda non son socios a traballar connosco polo cumprimento dos dereitos humanos universais. Só participando no Fondo Galego garantimos que todos os concellos, grandes e pequenos, do interior e da costa, poden participar na cooperación ao desenvolvemento realizada esta con eficiencia, eficacia e de xeito coordinado, proxectando o mellor do municipalismo galego no exterior. Xuntando cada gran de area neste fondo común, si é posible! Agardámosvos cos brazos abertos!

Juan González
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

1 TECIDO E VIDA ASOCIATIVA

Recoñecido como a axencia municipal da cooperación galega pola Fegamp, o Fondo Galego consolídase neste 2017 como unha ferramenta sólida e eficiente para a aplicación dunha política pública mancomunada na área da cooperación ao desenvolvemento.

Así, cinco novos concellos viñeron adherirse á nosa rede, ata chegar a un total de 94 entidades socias ao rematar o ano: a Deputación de Pontevedra e os concellos de Miño, A Pastoriza, Alfoz e Monfero. Tan só lamentamos neste ano a baixa do Concello de Fornelos de Montes, ratificada na Asemblea do 12 de decembro.

Como política pública de libre adscrición, a asociación pechou 2017 con 91 concellos asociados, canda as deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra, o que fai un total de 94 socios de pleno dereito, catro máis ca en 2016.

Doutra banda, continuamos a incrementar a participación na vida orgánica do Fondo Galego, tanto na Asemblea Xeral de Socios coma nas xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria. Facemos agora un repaso polo funcionamento dos distintos órganos formais e informais da asociación:

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pechou 2017 cun total de 94 administracións socias.



Fonte: elaboración propia a partir de documentación obrante na Secretaría Técnica.

ASEMBLEA XERAL

A Asemblea é o órgano colectivo e soberano do Fondo, onde participan todos os socios por medio das e dos seus representantes políticos. No 2017 reuniuse en dúas ocasións, ambas de maneira ordinaria.

A Asemblea Xeral do 15 de marzo de 2017, celebrada en Santiago de Compostela, nas instalacións da Fegamp, foi a de maior participación en toda a historia do Fondo Galego, coa asistencia de 40 entidades. Nela aprobouse o balance contable do exercicio anterior, así coma o plan de actividades e orzamento para o ano en curso. Tivo lugar tamén a socialización da experiencia das catro concelleiras galegas que participaron no seminario de intercambio sobre equidade de xénero en Mozambique no pasado 2016. A concelleira de Igualdade de Lugo, Ana G. Abelleira; a de Moaña, María Ortega, e a de San Sadurniño, Ana B. Gundín, que estiveron en terreo canda a edil de Cultura de Verín, Emilia Somoza, expuxeron as aprendizaxes tiradas da visita, na que asistiron ao encontro da Rede de Mulleres Autarcas de Mozambique. Porén, tamén tiveron a oportunidade de coñecer o funciona-

Concelleiras de San Sadurniño, Lugo e Moaña socializaron a experiencia en Mozambique.

A responsable de Proxectos de Acnur, Karmele Sáez, expuxo ante a Asemblea a situación das persoas refuxiadas.

mento do municipio de Mandlakaze da man da súa alcaldesa, María Helena Correia, ou de supervisar o proxecto a prol da saúde infantil e materna financiado á Fundação Encontro. Destácase da súa intervención a pertinencia das misións a terreo para coñecer de primeira man o contexto do país e dos proxectos en marcha, así como para empatizar e motivarnos na loita contra as desigualdades. Por outra banda, sinálase como relevante o feito de que representantes destes países poidan tamén visitarnos para coñecer e tirar o mellor das nosas experiencias na xestión municipal.

Na Asemblea Xeral do 12 de decembro de 2017, celebrada tamén na sede compostelá da Federación Galega de Municipios e Provincias, tivo lugar a aprobación da resolución da convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para ONGD galegas ou con sede en Galicia posta en marcha no ano 2017. Tamén serviu para render contas dos proxectos apoiados ao longo deste ano, para o que contamos cunha representante de Acnur Comité Español, que compartiu coas persoas asistentes os resultados da achega realizada polo Fondo Galego para combater a vaga de frío que afectou ás persoas refuxiadas en Serbia a principios de ano.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva é o órgano de goberno do Fondo Galego. É un órgano plural que reflicte a filosofía de consenso coa que naceu a asociación de concellos e deputacións. Durante o 2017 reuniuse en nove ocasións, a excepción dos meses de febreiro, xuño, agosto e outubro.

A composición da CE sempre foi plural, como tamén continúa a selo neste mandato. Fan parte dela os concellos de Nigrán, Redondela, Pontevedra, Oleiros, A Coruña, Cartelle, Monforte de Lemos, a Deputación da Coruña e o Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), *think tank* promotor da asociación durante os anos 90.

A Comisión Executiva saída das eleccións locais de maio de 2015 segue a darlle forma ás Liñas Estratéxicas 2016-2019, aprobadas na Asemblea Xeral do 17 de marzo de 2016.

REDE MUNICIPALISTA SOLIDARIA

A Rede Municipalista Solidaria está conformada polas representantes técnicas e políticas dos nosos concellos e deputacións socias do Fondo Galego. Constitúe a ligazón entre a Secretaría Técnica do Fondo Galego e os socios. A comunicación coa rede é regular a través do correo electrónico, nos que os nosos socios son informados das actividades, proxectos e en xeral da vida asociativa da organización.

A Comisión Executiva para o período 2015-2019 quedou composta por:

Cargo	Entidade	Provincia	Representante	Técnica/o	Datos de contacto
Presidencia	Nigrán	Pontevedra	Juan González		Praza da Constitución 1, 36350 Nigrán secretariap@nigran.org 986365000
Vicepresidencia	Redondela	Pontevedra	Teresa París	María José Villar Fernández	R/Alfonso XII, 2 36800 Redondela mariateresaparis@redondela.es uts@redondela.info 986400300
Secretaría	IGADI		Andrea Manuela García Corzo		Centro Cívico Sur Rúa Luís Braille, 40 36003 Pontevedra acorzo@igadi.org 698156127
Tesourería	Pontevedra	Pontevedra	Anxos Riveiro	Patricia González Martínez	Praza de España, 1 36071 Pontevedra benestarsocial@ concellopontevedra.es 986804300
Vogalía	A Coruña	A Coruña	Rocío Fraga	Javier Varela Carro	Praza María Pita, 1 15001 A Coruña r.fraga@coruna.es 981184200 ext. 101149
Vogalía	Cartelle	Ourense	Daniel Fernández Carril		Toxal 1, Outomuro 32824 Cartelle Dani_armada@hotmail.com 988491120
Vogalía	Monforte de Lemos	Lugo	Gloria Prada	María Belén Gómez Rodríguez	Campo de San Antonio, s/n 27400 Monforte de Lemos gprada@concellodemonforte.com 982402501
Vogalía	Deputación da Coruña		Goretti Sanmartín Rei		Alférez Provisional, 2 15006 A Coruña Goretti.sanmartin@dicoruna.es 981080300
Vogalía	Oleiros		A Coruña	Marga Figueroa Vázquez	Praza de Galicia, 1 15173 Oleiros alcaldia@oleiros.org 981610000

En abril, a Executiva reuniuse na Deputación de Pontevedra para darlle a benvida á institución provincial.

En 2017 tiveron lugar xuntanzas desta Rede no primeiro semestre, concretamente os días 27, 28, 29, 30 e 31 de marzo e 3 de abril nos concellos de Ourense, Ponteareas, Santiago de Compostela, Vilagarcía de Arousa, Sada e Deputación de Lugo.

Asistiron un total de 15 socios da provincia da Coruña, 3 da provincia de Lugo, 7 da provincia de Ourense e 10 da provincia de Pontevedra, o que suman un total de 35 administracións locais. Así mesmo, cómpre destacar a participación dun concello non socio da provincia da Coruña (Miño), outro da provincia de Pontevedra (Vilaboa) e tres da provincia de Lugo (A Pastoriza, Meira e As Nogais). En total, 40 administracións locais participaron nestas xuntanzas.

Cómpre destacar, en comparación das xuntanzas da RMS do primeiro semestre do ano 2016, o incremento da participación nas provincias de Pontevedra (pasando de 5 a 10 concellos asistentes), Ourense (de 3 a 7) e A Coruña (de 12 a 15 socios participantes). Só na provincia de Lugo se observa un lixeiro descenso na participación, pasando de 4 a 3 administracións locais representadas nestas reunións.

Remarcar que esta convocatoria foi realizada desde a Secretaría Técnica a través do correo postal e electrónico, para asegurar que todas as entidades socias estaban ao tanto da súa realización. Así mesmo, a convocatoria foi remitida a todos os concellos e deputacións do país a través da Fegamp, co obxectivo de promover o achegamento daquelas entidades que poidan estar interesadas en coñecer o traballo que desenvolve o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Nesta liña, a Deputación de Lugo xogou un papel fundamental, ao ter a iniciativa de estender o convite aos concellos da provincia. Grazas a este chamamento provincial tres concellos non socios achegáronse á reunión, onde foron informados de como funciona a nosa asociación e do Plan de Actividades 2017.

En canto aos contidos, a orde do día incluía a presentación deste Plan e as boas prácticas na xestión de actividades de sensibilización.

Técnicas e técnicos municipais participaron en xuntanzas da RMS como a celebrada en Vilagarcía.

CONSELLO MUNICIPALISTA DE COOPERACIÓN

O Consello Municipalista da Cooperación é o órgano de asesoramento e diálogo do Fondo Galego co tecido solidario en Galicia. No ano 2017 reuniuse o 24 de maio para presentar as bases da convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia.

PLAN DE CAPTACIÓN DE SOCIOS 20 ANOS + 20

Con motivo do 20 aniversario do Fondo Galego, en 2017 lanzouse unha campaña de captación de socios dirixida a concellos e ás deputacións de Ourense e Pontevedra. O obxectivo marcado foi o de conseguir vinte novas adhesións.

En principio foron seleccionados 34 concellos das catro provincias galegas que faltan por adherirse ao Fondo Galego, que resultaron por ser finalmente 75 concellos e dúas deputacións. Os criterios empregados para a selección dos concellos foron os seguintes:

- O número de habitantes: seleccionáronse os concellos non socios con máis poboación dentro de cada provincia.
- Ter iniciado o contacto no ano 2016 co obxecto de promover a anexión ao Fondo Galego.
- Ter coñecemento da vontade ou interese en adherirse ao Fondo Galego.

A posta en marcha do Plan implicou levar a cabo as seguintes accións:

1. Participación en xuntanzas comarcais para presentar ao Fondo Galego. A Secretaría Técnica participou nas reunións de tres mancomunidades das provincias Lugo, A Coruña e Ourense para explicar en que consiste a nosa asociación municipalista, cales son os seus obxectivos e as actividades que realiza:
   - Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense. O 24 de abril ás 20:00h no Concello de Lourenzá.
   - Mancomunidade Voluntaria de Municipios da Comarca de Ordes. O 31 de xullo ás 13:30h no Concello de Ordes.
   - Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense. O 14 de setembro ás 19:30h no Concello de Paderne de Allariz.
2. Manter xuntanzas presenciais con representantes de diferentes concellos. A Secretaría Técnica levou a cabo reunións presenciais con representantes dos concellos de Sanxenxo, Lalín, Carnota, Tui, O Carballiño, As Neves, Muros, Vimianzo e A Illa de Arousa. Cabe destacar o labor desenvolvido por Ana B. Gundín, edil de San Sadurniño, que se implicou no proceso de captación mantendo reunións con representantes políticas e políticos dos concellos de Cedeira, Valdoviño, Ortigueira, Neda, Cariño, A Capela, As Somozas e Cerdido.
3. Así mesmo, e grazas á colaboración da Deputación de Lugo, os concellos de Meira, As Nogais e A Pastoriza asistiron á reunión da rede Municipalista Solidaria mantida na entidade provincial o 30 de marzo, establecendo así un primeiro contacto co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Por outra banda, o alcalde de Vilaboa asistiu á reunión da Rede Municipalista Solidaria celebrada o 31 de marzo no Concello de Vilagarcía de Arousa e o alcalde de Miño acudiu á xuntanza homóloga mantida o 4 de abril no Concello de Sada.
4. Cómpre destacar tamén o labor desenvolvido pola Fegamp para trasladar o convite a asistir ás xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria a todos os concellos e deputacións do país.
5. Elaboración dun vídeo para animar ás administracións locais a participar no Fondo Galego. Coa arela de motivar a adhesión á nosa asociación municipalista elaborouse un vídeo coa participación de diferentes representantes de concellos e deputacións socias do Fondo Galego, mantendo sempre o criterio da transpartidariedade e o equilibrio

O Fondo Galego convidou aos concellos da Mancomunidade de Ourense a unírense á loita global contra a pobreza.

entre as diferentes provincias, así coma entre os concellos de costa e interior e de maior ou menor tamaño en función do número de habitantes.

6. Dar a benvida aos novos socios cunha representación da compañía A Tropa de Trapo. As 5 administracións locais que aprobaron a súa adhesión ao Fondo galego en 2017 foron recibidos coa concesión dunha representación de contos solidarios da man da compañía A Tropa de Trapo. Estes Concellos foron Miño, A Pastoriza, Alfoz e Monfero, e a Deputación de Pontevedra, que transferiu a súa representación ao Concello do Porriño.

Se ben é certo que non fomos quen de cumprir o ambicioso obxectivo marcado, o logro reside no establecemento de contacto con máis de 50 administracións locais de Galicia que xa entraron en comunicación coa nosa asociación municipalista. Un esforzo sen igual na historia do Fondo Galego que sen dúbida dará os seus froitos no futuro. A semente está botada.

CAPACITACIÓN PARA LOCALIZAR OS ODS

Persoal do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade participou en Madrid no obradoiro 'Localizando os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible', organizado entre outras pola Rede Mundial de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais (UCLG) e diversas axencias de Nacións Unidas. Tratábase dunha "formación de formadores" para contribuír á consecución dos 17 ODS desde o eido local e trasladar logo estas aprendizaxes ás deputacións e concellos socios.

Os gobernos municipais son chave para implementar a axenda internacional de desenvolvemento que busca erradicar a pobreza e a desigualdade en 2030, entre outras metas como a de acadar comunidades e cidades sostibles. Neste senso, apostouse por aliñar os plans de desenvolvemento local cos ODS e reportar os indicadores conseguidos. Países coma Holanda ou Brasil expuxeron as súas boas prácticas como exemplo.

FORMACIÓN EN COOPERACIÓN E POLÍTICAS PÚBLICAS LOCAIS

O papel clave que teñen os municipios para acadar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible púxose de relevo nas Xornadas 'Os retos da cooperación municipalista na consecución dos ODS' que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade organizou en Santiago de Compostela o 31 de maio. Unha delegación ministerial de Guinea-Bissau asistiu ao evento, que contou coa intervención dun experto de Nacións Unidas, do Instituto Hegoa e da Comunidade Valenciana.

A finais de 2015, os estados membros da ONU fixaban os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que deben lograrse en 2030, logo de que os anteriores Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio se acadaran só parcialmente. Estas metas buscan erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, uns ambiciosos propósitos nos que os gobernos locais teñen moito que dicir. De aí que

O Fondo Galego participou en Madrid nunha formación de formadores sobre localización dos ODS.

Representantes da Xunta, da Fegamp, do Concello de Santiago e do Fondo Galego inauguraron as xornadas sobre ODS.

o Fondo Galego, organizase unhas xornadas para informar sobre esta axenda internacional, xa que o primeiro paso para cumprila é coñecela.

A sesión foi inaugurada ás 9.30 horas na Escola Galega da Administración Pública (EGAP) coa participación de representantes da Xunta de Galicia, da Fegamp, do Concello de Santiago e da asociación organizadora. Entre os relatores da mañá, atopábase o director xeral de Cooperación e Solidariedade da Comunidade Valenciana, Federico Buyolo, quen presentou o inspirador exemplo do traballo que os municipios valencianos están a realizar arredor dos ODS, onde destaca a constitución da Alianza de Cidades polo Desenvolvemento Sostible.

No entanto, a primeira conferencia do día versou sobre 'As entidades locais como axentes de cooperación', e correu a cargo da doutora en estudos sobre desenvolvemento Irati Labaien, do Instituto Hegoa da Universidade do País Vasco. Seguiulle a intervención do presidente da Fundación Municipalistas pola Solidariedade (Musol), Rafael García, que falou sobre 'As entidades locais e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'.

O labor dos 'Municipios como receptores da cooperación ao desenvolvemento' foi abordado por Iván Arizcurinaga, consultor do Programa de Gobernación e Desenvolvemento Local de Guinea-Bissau, impulsado polo Plan de Desenvolvemento de Nacións Unidas. O convidado formou parte da delegación encabezada polo ministro de Administración Territorial do país africano, Sola Naquilin, que chegou a Galicia días antes acompañado por outros altos cargos co obxectivo de coñecer diversas experiencias de desenvolvemento local e ordenamento do territorio.

Tanto persoal político e técnico das deputacións e concellos socios do Fondo Galego coma o daquelas administracións locais que aínda non o son foron convidados a esta sesión formativa, así coma outros axentes de cooperación, nomeadamente as ONGD. Asistiron en total 50 persoas representantes de 7 entidades de cooperación ao desenvolvemento e de 27 administracións locais.

CONMEMORACIÓN DO 20 ANIVERSARIO DO FONDO GALEGO

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade conmemorou os seus vinte anos de andaina cun gran acto que combinou a reivindicación da loita contra a pobreza e a defensa dos Dereitos Humanos con actividades de carácter lúdico para concienciar fronte as desigualdades. Máis de medio cento de representantes de concellos galegos, da Xunta e de fondos de cooperación doutras comunidades autónomas participaron na xornada, que tivo lugar o xoves 9 de novembro, na Cidade da Cultura (Santiago de Compostela), a partir das 11 horas.

A compañía de clown Pallasos en Rebeldía foi a encargada de conducir o evento, que contou cos contos da Tropa de Trapo, a lectura de poemas e relatos por parte da escritora Marilar Aleixandre e a música do grupo de mulleres de orixe caboverdiana Batuko Tabanka. As actuacións intercaláronse con discursos a cargo do presidente do Fondo Galego e alcalde de Nigrán, Juan González; da vicepresidenta da Confederación de Fondos, Xelo Angulo, do secretario da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), Eduardo Ramonde Rodríguez, e de Marta María Fernández-Tapias Núñez, directora xeral da Administración Local.

Ademais, proxectáronse varios vídeos sobre a entidade e nos soportais da Biblioteca instalouse a exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade', deseñada polo ilustrador Pepe Carreiro, mentres que ao remate servíronse uns petiscos e vermú galego para as persoas asistentes. O balance do acto foi moi positivo, posto que participaron en torno ás 120 persoas representantes de 29 administracións locais, Coordinadora Galega de ONGD, ONGD, Universidade e Xunta de Galicia.

O Fondo Galego conmemorou os seus vinte anos de andaina cun gran acto na Cidade da Cultura.

2 RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

O Fondo Galego, axencia municipal da cooperación galega que procura, desde o local, incidir na defensa e consecución dos Dereitos Humanos, coloca a solidariedade internacional por riba dos localismos e partidismos.

O Fondo é expresión dun compromiso municipalista, que nace do convencemento de que o desenvolvemento humano sustentable brota no local. Un compromiso que, nacendo galego, foi quen de proxectar o seu modelo no contexto comunitario.

Desde a fidelidade ao proxecto do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, desenvolvemos intensas relacións institucionais ao longo de 2017.

XUNTA DE GALICIA

O Fondo Galego e a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinaron en 2017 o convenio de sensibilización anual, por medio do cal se cofinancia o plan de actividades de sensibilización en Galicia desde o ano 2000.

Así mesmo, durante o 2017 a Comisión Executiva do Fondo Galego mantivo dúas reunións co director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, así como coa subdirectora xeral de Cooperación, Pilar Romero. A primeira delas tivo lugar o 6 de marzo e a segunda o 19 de decembro. Desde o Fondo Galego fíxose fincapé na apertura dunha nova etapa nas relacións coa Xunta de Galicia, caracterizada polo espírito colaborativo, a fluidez, a confianza e o recoñecemento mutuo. Deixouse constancia de que para o Fondo Galego é moi importante que desde a Xunta de Galicia se recoñeza o noso papel como axentes da cooperación galega e se nos preste un maior apoio. Jesús Gamallo destacou nestas xuntanzas que Cabo Verde seguirá sendo país prioritario para a cooperación galega, así coma outros da lusofonía, xa que son estratéxicos para a Xunta de Galicia tras a aprobación da Lei Paz Andrade.

O presidente do Fondo Galego asistiu a dúas xuntanzas na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

Por outra banda, O Fondo Galego participou ademais no Congacode (Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento), órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia de cooperación ao desenvolvemento. Nesta ocasión, reuniuse o 19 de decembro para presentar a memoria de actividades 2017 e mais o Plan 2018. A raíz do Decreto de Cooperación aprobado no primeiro trimestre do ano o Fondo Galego conta

con dous representantes neste órgano consultivo, un máis do que viña sendo habitual.

FEGAMP

Durante o ano 2017, a relación de colaboración entre o Fondo Galego e a Fegamp seguiu sendo moi próxima. Todas as Asembleas Xerais e a meirande parte das reunións da Comisión Executiva celebráronse nos edificios administrativos da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Actualmente, e desde hai tres anos, o Fondo conta cunha páxina propia na revista trimestral da Fegamp, *Concellos Galegos*.

Así mesmo, o secretario xeral da Fegamp, Eduardo Ramonde, participou no acto conmemorativo do 20 aniversario do Fondo Galego, no que fixo mención á estreita relación de colaboración entre ambas entidades desde o seu xurdimento e no que puxo en valor o traballo desenvolvido polo Fondo Galego para conseguir un futuro municipal máis social, máis xusto e máis solidario.

CONFEDERACIÓN DE FONDOS

A Confederación de Fondos de Cooperación e Solidariedade engloba a nove Fondos de cooperación autonómicos de base local, que representan a máis de 1.000 administracións locais que asumen a pertinencia do compromiso solidario coa cooperación internacional e os dereitos humanos.

O ano 2017 é histórico tamén para a Confederación, xa que tras 22 anos de andaina presidida polo Fons Catalá de Cooperaciò al Desenvolupament, o Fondo Galego pasou a asumir a súa Presidencia, tras a Asemblea Xeral mantida o 8 de novembro en Santiago de Compostela. Nesta mesma xuntanza deuse conta do balance contable e memoria de actividades do exercicio anterior e presentouse unha proposta de plan de actividades para os anos 2017 e 2018.

Na actualidade, a Presidencia e Secretaría da Confederación recae no Fondo Galego, a Vicepresidencia no Fons Valencià e a Tesourería no Fons Pitiús. O Euskal Fondoa, o Fondo Extremeño, o Fons Mallorquí, o Fons Menorquí, o Fondo Andaluz e o Fons Catalá ocupan as vogalías da asociación municipalista.

Se ben é certo que a Confederación sufriu unha época de letargo no pasado mandato, o traballo liderado polo Fondo Galego durante os anos 2016 e 2017 deu como resultado a plena confianza dos nosos compañeiros para que o Fondo Galego resultara escollido para a Presidencia, co gran e difícil reto por diante de recuperar este espazo de concertación e intercambio.

Foi determinante a reunión das e dos xerentes dos diferentes Fondos mantida o 6 de xullo en Madrid, na que resultou decisivo o paso adiante dado polo Fondo Galego para liderar o proceso de reactivación da Confederación, tras a aposta decidida dos demais Fondos integrantes por manter este espazo sempre que resultara de utilidade. Así mesmo, foron realizadas outras dúas reunións técnicas por videoconferencia para tratar cuestións operativas para a posta en marcha de actividades. Ábrese así un novo ciclo da Confederación baixo a Presidencia do Fondo Galego.

UNIÓN EUROPEA/ REDES PARA O DESENVOLVEMENTO (2010-2013/2014-2017)

O Fondo Galego comezou en 2010 a súa andaina no proxecto Redes para o Desenvolvemento, financiado pola Co-

O Fondo Galego exerce a Presidencia da Confederación desde a Asemblea celebrada en Compostela.

A Coordinadora Galega de ONGD e o Fondo Galego mantiveron unha comunicación fluída en 2017.

misión Europea e impulsado desde Portugal polo Instituto Marqués de Val Flor, de Lisboa, a ONGD alemá Finep+, LBS-NN de Holanda e a Rede Intermunicipal de Cooperação para o Desenvolvimento, o noso homólogo portugués.

Na primeira fase do proxecto (2010-2013), o Fondo Galego tivo un papel destacado, ao servir de referencia e como asesor na construción de redes de cooperación descentralizada e exportar o noso modelo de xestión de actividades de sensibilización a outros actores europeos. Na segunda fase do proxecto (2014-2017), o Fondo Galego volveu ter un papel clave dada a nosa experiencia na xestión de actividades de sensibilización. O ano 2017 foi o de culminación deste proxecto, para o que tivo lugar unha reunión de avaliación en Bruxelas, o 22 de marzo, na que o Fondo Galego participou compartindo as súas boas prácticas en materia de sensibilización fronte as desigualdades con socios de Portugal, Alemaña e Holanda. A entidade presentou principalmente os resultados do foro internacional celebrado en Pontevedra no 2016 para intercambiar materiais e metodoloxías, así como da súa participación no seminario organizado en Lisboa no mesmo ano arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). A viaxe permitiu ademais afianzar a relación co Programa de Desenvolvemento de Nacións Unidas (PNUD).

COORDINADORA GALEGA DE ONGD

O 10 de xaneiro, unha delegación da Coordinadora Galega de ONGD reuniuse coa Comisión Executiva do Fondo Galego. O obxecto da xuntanza foi o de non perder a fluidez da relación e ver en que puntos podemos establecer sinerxías, sobre todo no relativo á defensa da cooperación local. Así mesmo, tratáronse outras cuestións como a convocatoria de proxectos para o 2017, a creación dun Observatorio da Cooperación Local, a elaboración dun estudo da cooperación municipalista en Galicia e a futura redacción do IV Plan Director da Cooperación Galega.

VISITA INSTITUCIONAL A CABO VERDE

A vicepresidenta do Fondo Galego, Teresa París, viaxou a Praia entre o 19 e o 21 de outubro para asistir ao 4º Foro Mundial de Desenvolvemento Local, que congregou a máis de 2.000 delegadas e delegados dos cinco continentes. Desde 2011, cada dous anos este foro ofrece unha plataforma para a reflexión crítica e a discusión creativa sobre o xeito de facer as cousas dun xeito diferente para acadar un desenvolvemento máis xusto para todo o mundo.

Gobernos de todos os niveis, sector privado, organismos internacionais, organizacións da sociedade civil e especialistas da academia comparten neste espazo perspectivas e estratexias innovadoras para promover un desenvolvemento económico e social que beneficie ás comunidades. O goberno de Cabo Verde, o Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD) e a Unión de Cidades e Gobernos Locais e Rexionais (CGLU), entre outras entidades, organizan este evento, moi marcado polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que a ONU fixou co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades. Así mesmo, Teresa París aproveitou a estadía para visitar o municipio de Santa Cruz, co que o Fondo Galego mantén unha estreita relación de colaboración a través do programa Vacacións con Traballo. A Vicepresidenta do Fondo Galego tivo ocasión de visitar algúns dos proxectos apoiados na vila en anos anteriores, como unha escola infantil ou o apoio á agricultura sostible. Ademais, recolleu as inquedanzas e propostas de colaboración por parte do presidente do municipio de Santa Cruz.

Teresa París visitou a Cámara Municipal de Santa Cruz e supervisou algúns dos proxectos apoiados.

VISITA DUNHA DELEGACIÓN MINISTERIAL DE GUINEA BISSAU

O ministro de Administración Territorial de Guinea-Bissau, Sola Naquilin, visitou do 29 de maio ao 1 de xuño diversas accións de desenvolvemento local e ordenamento do territorio convidado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A delegación africana, integrada tamén por responsables do Programa de Gobernación e Desenvolvemento Local impulsado pola ONU, comprobou o apoio que deputacións e concellos prestan a iniciativas empresariais, tecnolóxicas, urbanísticas e asociativas que buscan o progreso económico e social.

A comitiva iniciou o percorrido na Deputación de Pontevedra, coa que tiveron ocasión de visitar o polígono industrial Barro-Meis e a Estación Fitopatolóxica do Areeiro, centro de investigación sobre as enfermidades dos cultivos. A delegación foi tamén recibida polo alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, e a concelleira de Promoción Económica, Anabel Gulías, que explicaron o premiado modelo urbanístico da cidade, logo de realizar un percorrido polo centro.

O segundo día arrincou cunha xuntanza coa Comisión Executiva do Fondo Galego, que continuou cunha reunión coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e coa Asociación Galega de Profesionais do Desenvolvemento Local, un encontro ao que tamén acudiu o alcalde de Vimianzo, Manuel Antelo. A xornada pechouse coa visita ao Centro de Emprendemento da Cidade da Cultura.

Alén do ministro de Administración Territorial, integraban a delegación guineana o director de Servizos de Licenciamento e Incentivos ao Investimento, Micailo Biai; o director xeral do Programa de Gobernación e Desenvolvemento Local de Guiné-Bissau, Mahalam Mane; a asesora técnica principal de dito programa promovido polo Plan de Desenvolvemento de Nacións Unidas (PNUD), Angela Abdula, e mais Iván Arizcurinaga, consultor da mesma iniciativa, que busca promover o bo goberno, a prestación de servizos básicos e o acceso das poboacións máis vulnerables a oportunidades económicas, con enfoque de xénero.

A delegación africana achegouse de primeira man a iniciativas empresariais no viveiro de Barro-Meis.

A visita pechouse en Tomiño cunha recepción no Concello e un percorrido polo mercado municipal.

Arizcurinaga falou sobre os municipios como receptores da cooperación ao desenvolvemento nas Xornadas 'Os retos da cooperación municipalista na consecución dos ODS' organizadas polo Fondo Galego. A axenda culminou o 1 de xuño en Tomiño cunha recepción institucional encabezada pola rexedora, Sandra González, e unha visita ao mercado municipal.

Fondo Galego, Andrea García Corzo, participaron nas **xornadas de cooperación técnica organizadas polo Fons Català** de Cooperaciò al Desenvolupament para potenciar a cooperación técnica entre municipios do Norte e do Sur. María José Villar compartiu os resultados da súa colaboración na biblioteca municipal de Santa Cruz, en Cabo Verde. O testemuño de primeira man achegado pola bibliotecaria redondelá sobre o apoio prestado en terreo e sobre a realidade caboverdiana converteu o seu relatorio nun dos máis exitosos do encontro, no que tamén se expuxeron experiencias de Bolivia, Senegal, Líbano ou Marrocos. Pola súa parte, a secretaria do Fondo Galego, Andrea García Corzo, presentou a asociación e o propio programa Vacacións con Traballo.

Nas Xornadas de Cooperación Técnica interesáronse polas Vacacións con Traballo en Cabo Verde.

COLABORACIÓNS

- No mes de xaneiro tivo lugar a reunión de valoración das propostas presentadas ao **Premio Solidario Cidade de Ferrol 2016**, ao que asistiu Ana B. Gundín, concelleira en San Sadurniño, en representación do Fondo Galego. Así mesmo, o 11 de decembro tivo lugar a reunión de valoración das propostas presentadas ao **Premio Solidario Cidade de Ferrol 2017**, ao que asistiu en representación do Fondo Galego Catalina María García Blanco, concelleira de Acción Social e Participación Cidadá de Narón.
- En base á súa experiencia en Mozambique, a onde viaxou en 2016 canda outras tres edís galegas, a concelleira de Igualdade do Concello de Moaña, María Ortega, ofreceu en senllos centros educativos **charlas para achegarlle ao alumnado a realidade do país lusófono** e facerlle reflexionar sobre os roles das mulleres. O 2 de febreiro fíxoo coas cativas e cativos da EEI de Verducedo, mentres que o 16 de febreiro chegoulle a quenda a estudantes de 5º e 6º curso do CEIP Abelendo.
- Do 22 ao 24 de marzo, María José Villar, técnica bibliotecaria do Concello de Redondela e participante do programa Vacacións con Traballo, xunto coa Secretaria do
- A secretaria do Fondo Galego, Andrea García Corzo, participou na comisión de avaliación das propostas presentadas á **convocatoria de proxectos do Concello de**

Santiago de Compostela, que tivo lugar o 22 de setembro.

- O presidente do Fondo Galego, Juan González, interveu na **presentación da publicación 'Governa Altavoz 17'**, da consultora Auren, que versa sobre os ODS. O acto tivo lugar o 25 de outubro en Vigo e estivo organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia.
- Concelleiras delgadas do Fondo Galego nalgúns dos concellos socios participaron nun **encontro coa feminista haitiana Caridade Valcourt, organizado por Implicadas** no Desenvolvemento o 6 de novembro na Coruña. O cuestionamento da visión colonial que se practica desde as nosas sociedades foi unha das conclusións ás que se chegou no debate, tras coñecer a existencia dun sistema de cotas na lexislación haitiana que garante un 30% de representación feminina en instancias inferiores á parlamentaria. Na xuntanza tamén se explicou o funcionamento dos Grupos de Axuda Mutua, que nestes intres aglutinan a 6.000 mulleres nas zonas rurais do país centroamericano e que Implicadas tamén promove na India e en Etiopía, en anteriores ocasións co apoio do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. As representantes galegas tiveron así a posibilidade de achegarse á realidade haitiana, mentres que a activista convidada aproveitou para coñecer os atrancos que estas enfrontan en Galicia, dende as dificultades para conciliar á oposición dos homes dentro dos propios partidos.

A concelleira María Ortega achegoulle a alumnado de Educación Infantil de Moaña a realidade de Mozambique.

Varias concelleiras participaron no encontro de Implicadas coa feminista haitiana Caridade Valcourt.

3 PROXECTOS



PANORÁMICA 2017

COOPERACIÓN DIRECTA

- Fundação Encontro (Mozambique)
- Municipio de Nhamayábue (Mozambique)

COOPERACIÓN INDIRECTA

- Convocatoria de proxectos

AXUDA DE EMERXENCIA

- Axuda de emerxencia aos campamentos de refuxiados saharauís
- Axuda de emerxencia para as persoas refuxiadas en Europa
- Relanzamento da Comisión de Cidade e Deputacións

PANORÁMICA 2017

O liderado de Gladys Cáceres, no centro da imaxe, estivo encamiñado a defender os Dereitos Humanos.

En 2017 continuamos traballando nos obxectivos de mellorar na calidade e impacto das accións de cooperación ao desenvolvemento e de incrementar o coñecemento e maior implicación dos nosos socios neste eido. Foi un ano moi activo na área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, no que deu comezo a cooperación municipalista con Mozambique e se impulsou a convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia.

O exercicio estivo así marcado polo fito do inicio da cooperación municipalista con Mozambique, para o que se levou a cabo unha convocatoria de proxectos que foi trasladada a todos os municipios do país lusófono grazas á colaboración da Asociación Nacional de Municipios de Mozambique (ANAMM). Da convocatoria, dotada con 25.000 euros, resultou aprobado un proxecto para a construción de pozos de auga no municipio de Nhamayábue.

Así mesmo, abriuse a convocatoria de proxectos para ONGD galegas ou con delegación en Galicia, que permanecía pechada desde o ano 2014, cun orzamento de 150.000 euros.

Continuamos tamén coas axudas de emerxencia, neste ano e principalmente, para as persoas refuxiadas en Europa que, seguindo a ruta dos Balcáns, sufriron a vaga de frío de primeiros de ano, mais tamén para a poboación refuxiada saharauí, que padeceu unha crise de falta de alimentos. En total, 17.855 euros foron destinados a axudas de emerxencia.

Iniciouse, así mesmo, un programa de cooperación a dous anos da man da Fundação Encontro, en Mozambique, para evitar os embarazos precoces, fomentar o empoderamento das mulleres e previr o consumo de alcol e drogas entre a mocidade mozambicana.

Non debemos esquecer o intento por revitalizar a Comisión de Cidades e Deputacións, ferramenta que permitiría un maior peso e protagonismo das grandes administracións locais en materia de cooperación ao desenvolvemento dentro da nosa asociación. En 2017 mantivéronse dúas reunións para tentar operativizala, das que puidemos percibir as grandes dificultades que atopan as entidades locais para poñer en marcha accións de cooperación ao desenvolvemento.

Por último, e non menos importante, non podemos esquecer o pasamento de Dona Gladys Cáceres, directora do INPRHU- Somoto, ONGD nicaraguana coa que o Fondo Galego apoiou 17 proxectos para mellorar a vida da poboación campesiña do Departamento de Madriz, iniciándose a relación de colaboración no ano 2003.

Ao longo de 2017, comprometéronse en total 212.855 euros para financiar proxectos de cooperación ao desenvolvemento, grazas ás reservas económicas coas que contaba a asociación.

COOPERACIÓN DIRECTA

PROMOCIÓN DA SAÚDE A TRAVÉS DO DEPORTE NO MEDIO RURAL DOS DISTRITOS DE BOANE E NAAMACHA

LOCALIZACIÓN	Mozambique. Provincia de Maputo. Distritos de Boane e Naamacha.
DURACIÓN	24 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	468
PARCEIRO LOCAL	Fundação Encontro
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	51.524€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	40.000€
ACHEGA DO PARCEIRO LOCAL	11.524€
OBXECTIVO XERAL	Reducir a vulnerabilidade e factores de risco en nenos, nenas e mocidade a través da promoción de hábitos de vida saudables no sur de Mozambique.
OBXECTIVO ESPECÍFICO	Proporcionar estruturas nas comunidades para o desenvolvemento de hábitos de vida saudables en nenos, nenas e mocidade.
RESULTADOS AGARDADOS	▪ Competencias locais creadas para promover alternativas de lecer nas comunidades. ▪ Nenos, nenas e mocidade adhírense á práctica deportiva. ▪ Formados equipos nas comunidades para a promoción de hábitos de vida saudables. ▪ Infancia e mocidade sensibilizadas sobre o impacto dos factores de risco nas súas vidas.

Reducir o risco de contraer adiccións, doenzas ou embarazos precoces é o obxectivo do proxecto.

RESUMO

A Fundação Encontro, organización mozambicana sen fins lucrativos e de utilidade pública, xorde a partir da experiencia do Programa de Desenvolvemento Rural Integral, realizado durante vinte anos polo equipo da Casa do Gaiato de Maputo (Mozambique), nas comunidades dos Distritos de Boane (Massaca e Mahanhane) e Namaacha (Mahelane, Changalane, Ndividuane).

Reducir os factores de risco que poden levar á xente nova a contraer adiccións, doenzas ou embarazos precoces é o obxectivo do novo proxecto no que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está a colaborar coa Fundação Encontro en Mozambique, co deporte como ferramenta para conseguilo.

A través deste proxecto de cooperación internacional, ofreceranse alternativas de lecer a nenas e nenos e mais á mocidade, creando equipos de fútbol e atletismo nos que se incentivará a participación e liderado das rapazas, favorecendo así a equidade de xénero. Ao tempo, formarase en educación para a saúde a un grupo de activistas que promoverán hábitos de vida saudables, co fin de diminuír a vulnerabilidade fronte o consumo de drogas e alcol, enfermidades cardiovasculares, sida, abandono familiar, desemprego, baixa autoestima, etc.

Para poñer en práctica a proposta, comezouse divulgándoa e identificando as persoas que coordinarían as actividades nas seis comunidades dos distritos de Boane e Namaacha onde se están a implementar, no sur de Mozambique. Formarase tamén a 30 monitoras e monitores deportivos de entre 16 e 21 anos, mentres que as e os integrantes dos equipos terán entre 7 e 15 anos, o que suma un total de 468 beneficiarias e beneficiarios directos das actividades. O traballo realízase en coordinación coas autoridades locais e implicando á veciñanza, de xeito que indirectamente chegará a preto de 17.500 persoas.

Nos equipos de fútbol e atletismo incentívase a participación e liderado das rapazas.

O exercicio físico considérase así unha ferramenta para mellorar a saúde, pero tamén para fomentar o crecemento persoal, as relacións sociais e o empoderamento das mulleres. Cada aldea contará cun equipo, que competirá en campionatos cuadrimestrais. Ademais, cada dous meses, organizaranse sesións de reflexión en grupo sobre diferentes temas de sensibilización e educación en valores, alén de implementar accións informativas e educativas sobre o terreo que poden tomar forma de visitas domiciliarias, palestras, teatro, etc.

Nos equipos de fútbol e atletismo incentívase a participación e liderado das rapazas.

CONVOCATORIA DE PROXECTOS PARA MUNICIPIOS MOZAMBICANOS

Entre o 8 e o 31 de maio permaneceu aberta a convocatoria de proxectos para municipios mozambicanos. Esta foi a primeira experiencia para impulsar a cooperación propiamente municipalista co país, con excelentes resultados, posto que 27 municipios dos 52 que hai no país lusófono achegaron as súas propostas. Para a difusión da convocatoria contouse co apoio da Asociación Nacional de Municipios Mozambicanos, que estendeu as bases da mesma a todos os municipios do país. Nelas estipulábase un máximo de 25.000 euros, polo que só unha proposta sería seleccionada.

O resultado desta primeira convocatoria foi a aprobación para financiamento, por parte da Comisión Executiva, do proxecto "Construción de pozos de auga", ouvido o ditame técnico e tendo en conta que esta sería a primeira experiencia no país.

PROMOCIÓN DA SAÚDE A TRAVÉS DO DEPORTE NO MEDIO RURAL DOS DISTRITOS DE BOANE E NAAMACHA

LOCALIZACIÓN	Mozambique. Municipio de Nhamayábue. Barrio de Mutarara Velha.
DURACIÓN	4 meses
PERSOAS BENEFICIARIAS	3.042
PARCEIRO LOCAL	Municipio de Nahamayábue
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	26.271,4€
ACHEGA DO FONDO GALEGO	24.971,43€
ACHEGA DO PARCEIRO LOCAL	1.299,97€
OBXECTIVO XERAL	Mellorada a calidade de vida das e dos habitantes do municipio de Nhamayábue.
OBXECTIVO ESPECÍFICO	Contribuír co cumprimento do Dereito Humano á auga no municipio de Nhamayábue.
RESULTADOS AGARDADOS	▪ Mellorado o acceso á auga potable para a veciñanza do barrio de Mutarara Velha. ▪ Mellorada a xestión da auga no barrio de Mutarara Velha.

A construción de catro pozos garantirán un acceso seguro á auga potable en Mutarara Velha.

RESUMO

Achegarse ao río para recoller auga constitúe unha práctica de risco para as comunidades que viven á beira do Zambeze, en Mozambique, xa que se expoñen aos ataques de animais salvaxes, como hipopótamos e crocodilos, que están a causar mortes e graves feridas sobre todo ás mulleres, habitualmente encargadas de encher os bidóns e lavar a roupa. Así acontece no barrio de Mutarara Velha, no municipio de Nhamayábue, ao que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade decidiu apoiar coa construción de catro pozos que garantan un acceso seguro á auga potable, xa que en dous anos 26 persoas da aldea perderon a vida intentando abastecerse.

Fernando é un dos veciños afectado polos ataques dos crocodilos no río Zambeze. FOTO: Adrián Irago.

Estímase que un 80% dos algo máis de 3.000 habitantes de Mutarara Velha se beneficiarán do abastecemento de auga a través das bombas solares instaladas nos catro novos pozos, minguando así a incidencia de doenzas como a diarrea, causa de mortalidade sobre todo entre nenos e nenas. Ao tempo, reducirase considerablemente a distancia que as mulleres teñen que percorrer cargando as garrafas, de xeito que poderán dedicar o seu tempo a outras actividades. Elas son as que habitualmente se xogan a vida adentrándose na beira do río, cos seus bebés ás costas e na compaña das fillas pequenas, normalmente en grupo para que unhas vixíen mentres outras fregan os pratos ou recollen a auga. Elas serán tamén quen integren os comités de xestión para manter e supervisar o funcionamento dos pozos, que as afastarán ata 400 metros do perigo, para o que recibirán unha formación básica.

O proxecto reducirá o tempo e esforzo investido polas mulleres na procura da auga. FOTO: Adrián Irago.

Os dezaseis anos de guerra civil arruinaron o pequeno sistema de subministro de auga co que contaba o barrio, onde só existen dous pozos que quedan baleiros na época da seca e onde ademais non hai enerxía eléctrica, circunstancias que tamén frean o desenvolvemento. A agricultura de subsistencia e a pesca son as principais actividades económicas na vila, emprazada na rexión central do país africano.

COOPERACIÓN INDIRECTA

Unha das accións que leva a cabo o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é o apoio a proxectos de cooperación ao desenvolvemento liderados por ONGD galegas ou con delegación en Galicia. En 2017 abriuse convocatoria tras dous anos sen poder levala a cabo por cuestións económicas.



Dezaseis ONGD presentaron un total de 17 proxectos á convocatoria, dotada con 150.000 euros.

As bases da convocatoria foron publicadas o 22 de xuño, e permaneceu aberta desde o 23 de xuño ata o 22 de xullo. As bases presentáronse ante a Coordinadora Galega de ONGD no Consello Municipalista de Cooperación, órgano consultivo do que están convidados a participar os axentes do sector.

A principal novidade respecto da última convocatoria de 2014 é a dotación orzamentaria, que subiu un 50% ata situarse nos 150.000 euros, de xeito que se financiarán actuacións de entre un e dous anos de duración que darán inicio o 1 de xaneiro de 2018, cun máximo de 50.000 euros por proxecto. Cada entidade puido presentar ata dúas propostas, individuais ou en agrupación, aínda que só se subvencionaría unha. O Fondo Galego asumiría como máximo o 95% do custo total do proxecto.

Para concorrer, as ONGD debían contar cunha presenza real en Galicia de cando menos dous anos, así como cunha experiencia mínima de doce meses no país e no sector de actuación. Estes países tiñan que ser os establecidos como prioritarios polo Fondo Galego (lusófonos, Cuba e Nicaragua), os que figuran no III Plan Director da Cooperación Galega ou aqueles cun IDH medio ou baixo, especialmente os Países Menos Adiantados (PMA).

En canto aos sectores preferentes, destacábanse o desenvolvemento socioeconómico local, participación social, bo goberno, fortalecemento institucional, apoio aos procesos de descentralización, empoderamento das mulleres, agricultura, desenvolvemento rural, abastecemento de auga e saneamento e mais servizos e infraestruturas sociais. Ficaban fóra desta convocatoria as accións de axuda humanitaria ou de carácter asistencial.

En canto á entidade solicitante é importante remarcar que facemos fincapé en que as organizacións que se presenten teñan, ademais de garantía de solvencia e experiencia en materia de cooperación ao desenvolvemento, presenza real en Galicia, tendo en conta o número de persoas socias e voluntarias, as actividades e proxectos realizados con financiamento provinte das administracións públicas galegas ou do grupo de persoas socias galegas. Todo insto para garantir que efectivamente se van apoiar propostas de entidades con apoio real en Galicia, que

van reverter no fortalecemento do tecido social galego.

Así mesmo, a transversalidade do enfoque de xénero, medioambiental e dereitos humanos contémplase na valoración das propostas recibidas.

Como novidade, destacar que as propostas seleccionadas para financiamento deberán comprometerse a realizar unha actividade de sensibilización a realizar en concellos socios do Fondo para dar a coñecer os proxectos que se están apoiando ou as problemáticas que pretenden atinxir. Ditas actividades haberán de ser acordadas entre as entidades beneficiarias e o Fondo Galego e o seu custe de realización será asumido polo Fondo.

Como resultado, dezaseis ONGD con sede ou delegación en Galicia concorreron á convocatoria de proxectos de desenvolvemento aberta polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade neste ano 2017. Estas cifras supoñen un lixeiro incremento respecto da convocatoria de 2014, na que 14 entidades presentaron 15 propostas.

As organizacións non gobernamentais que enviaron as súas solicitudes son a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios (Agareso), Municipalistas por la Solidaridad y el Fortalecimiento Institucional (Musol), Fundación Madreselva, Cooperación Internacional ONG, Solidariedade Internacional de Galicia, Sólida Asociación de Cooperación ao Desenvolvemento, Fundación Mujeres, Enxeñería sen Fronteiras Galicia, Médicos del Mundo, Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP), InteRed, Implicadas no Desenvolvemento, Fundación Alaine, Arquitectura sen Fronteiras, Miradas al Mundo agrupada con Ecos do Sur e Fundación Taller de Solidaridad.

Técnicas dos concellos de Santiago de Compostela, Rianxo, Redondela, da Deputación de Lugo e do Igadi constituíron a comisión avaliadora de proxectos.

As intervencións concéntranse nun total de oito países e unha área xeográfica:

- Guatemala (4)
- Nicaragua (3)
- Guinea Bissau (2)
- El Salvador (2)
- Honduras (1)
- India (1)
- Benin (1)
- Ecuador (1)
- Bolivia (1)
- Centroamérica (1)

Os eidos de actuación nos que se encadran son principalmente abastecemento de auga e saneamento, desenvolvemento rural e educación, seguidos do dereito á comunicación, saúde, loita contra a violencia de xénero, apoio a institucións de mulleres, Dereitos Humanos, participación no desenvolvemento rural, xestión do recurso hídrico e mais xeración e subministro de enerxía.

Unha comisión técnica constituída por representantes dos Concellos de Santiago de Compostela, Rianxo, Redondela, Deputación de Lugo e persoal do Igadi encargáronse de avaliar as propostas e elevar unha proposta de resolución á Comisión Executiva. O último paso para aprobar a resolución da convocatoria foi a súa aprobación por parte da Asemblea Xeral de Socios, que tivo lugar o 12 de decembro, e que foi a seguinte:

RESOLUCIÓN

Polo dereito a unha educación afectiva e sexual saudable para crianzas, adolescentes e mocidade do municipio de Chinautla

- País: Guatemala
- Entidade solicitante: ONGD InteRed
- Orzamento total: 52.487,78€
- Orzamento solicitado: 49.861,14€

Mellora do acceso ao dereito humano á auga e das prácticas de hixiene adecuadas de 1.824 habitantes (932 mulleres e 892 homes) da localidade de Carantaba (Sector de Contoubel, rexión de Bafatá)

- País: Guinea Bissau
- Entidade solicitante: ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz
- Orzamento total: 62.973,18€
- Orzamento solicitado: 50.000€

Fortalecemento de capacidades técnicas para a xestión pública de calidade en proxectos de abastecemento de auga a comunidades rurais nos 7 municipios da mancomunidade Nasmar

- País: Honduras
- Entidade solicitante: ONGD Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia
- Orzamento total: 41.065,19€
- Orzamento solicitado: 36.742,12€

OBSERVACIÓNS: A suma das cantidades solicitadas e concedidas ascende a 136.603,26€. Polo tanto, quedarían por executar un total de 13.396,74€ comprometidos na convocatoria. A Asemblea Xeral aproba que dito importe sexa destinado á área de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para o ano 2018, concretamente á partida de axudas de emerxencia.

AXUDAS DE EMERXENCIA

AXUDA DE EMERXENCIA PARA AS PERSOAS REFUXIADAS EN EUROPA

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade contribuíu con 10.000 euros a combater a vaga de frío siberiano que o pasado inverno afectou ás persoas refuxiadas na ruta dos Balcáns.

O Fondo Galego contribuíu con 10.000 euros a combater a vaga de frío na ruta dos Balcáns. FOTO: Daniel Etter/ACNUR.

Á cifra achegada pola asociación de administracións locais e provinciais, súmanse 1.825 euros aportados a maiores polo Concello de Teo, a razón de 10 céntimos por habitante, e 30€ dunha persoa anónima. O total da contía investiuse en artigos coma roupa, mantas e estufas para as e os solicitantes de asilo acollidos en centros serbios, en coordinación co goberno do país e cos parceiros locais. Alí pasan unha media de seis meses antes de cruzar a fronteira, en precarias condicións e mesmo chegando a soportar temperaturas baixo cero.

A achega investiuse en roupa, mantas e estufas para as persoas refuxiadas en centros serbios.

No entanto, o Fondo Galego de Cooperación é consciente de que este tipo de axudas non son a solución, que debe chegar desde as altas instancias políticas. Así o esixía hai xa un tempo con declaracións institucionais nas que reclamaba substituír as medidas restritivas por accións que atallen as causas do problema, en cuxo cerne están os intereses xeopolíticos dos países máis poderosos, ao tempo que chamaba rexeitar os movementos xenófobos.

Segundo os datos de Acnur, unha vez finalizada a situación de emerxencia que derivou da vaga de frío, o número de persoas refuxiadas en Serbia permanece estable e sitúase en algo máis de 7.000, dos que o 43% son nenas e nenos, o 42% homes e o 15% mulleres. Trátase principalmente de persoas procedentes de Afganistán, Iraq, Paquistán e Siria que foxen dos conflitos nos seus lugares de orixe á procura dunha vida mellor.

URXENCIA ALIMENTARIA NOS CAMPAMENTOS DE PERSOAS REFUXIADAS SAHARAUÍS

As existencias no almacén de reservas de alimentos básicos dirixidos aos refuxiados saharauís, os máis imprescindibles, especialmente o azucre e o arroz, xa se esgotaron no primeiro semestre do ano, polo que o Programa Mundial de Alimentos (PMA) viuse obrigado a reducir un 20% as racións mensuais destinadas ás persoas refuxiadas no mes de maio e xuño. Tamén se acabaron os produtos micro-nutrintes para loitar contra a malnutrición e a anemia, o que pon en risco a vida de 220.000 nenas, nenos e mulleres que padecen malnutrición e anemia severa, crónica e aguda.

Os 6.000 euros aportados destináronse á compra de alimentos para os campamentos de Tinduf.



A grave crise alimentaria orixinou un chamamento á comunidade internacional para paliala.

Ante esta situación, a asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, da man da Media Lúa Vermella Saharauí, fixo un chamamento urxente a todos os países doadores e as organizacións humanitarias para que se apresuraran a proporcionar axuda alimentaria de inmediato para evitar que a vida destes refuxiados e refuxiadas vulnerables estivera en perigo.

Cabe mencionar que o Consello de Seguridade tamén realizou unha chamada no pasado mes de abril para que se proporcionaran máis contribucións e para que non se reduciran as racións alimentarias.

Cos 6.000 euros achegados polo Fondo Galego realizouse unha provisión de alimentos para a poboación refuxiada saharauí nos campamentos. A Media Lúa Vermella Saharauí, organismo que fixo o chamamento internacional e quen ten presenza continua nos campamentos, foi a responsable da xestión e distribución das achegas, tendo en conta criterios de necesidade de atención e urxencia. A doazón realizada entregouse ás autoridades saharauís, que pasaron a cederlla a Media Lúa Vermella Saharauí e estes realizaron a compra en Alxer.

RELANZAMENTO DA COMISIÓN DE CIDADES E DEPUTACIÓNS

O Fondo Galego promoveu en 2011 a aprobación dunha Declaración das Cidades a propósito de alentar mecanismos de colaboración que permitisen ampliar e mellorar a xestión das políticas de cooperación municipal cos países do Sur. Na Asemblea Xeral de socios celebrada en setembro de 2007 aprobáronse as Estratexias para o período 2007-2011, nas que se incluía a creación da Comisión de Cidades e Deputacións, para propiciar un salto cualitativo na cooperación municipalista e abrir novas vías de financiamento de proxectos.

No momento de constitución da COCIDE, e tamén hoxe en día, existe unha gran disparidade de situacións no compromiso coa cooperación ao desenvolvemento por parte das 6 cidades e 3 deputacións integradas no Fondo Galego. Porén, un dos cometidos da COCIDE é o da homoxeneización de compromisos. Consideramos que as cidades e deputacións poden desempeñar un papel de liderado importante da cooperación municipalista galega. O impulso das cidades e deputacións resulta esencial para abrir unha dinámica máis ambiciosa, diferente e de maior valor engadido.

A COCIDE quedou formalmente constituída o 24 de novembro de 2008, contando co apoio da Xunta de Galicia. A partir desa primeira reunión, seguíronse outras cinco entre o período 2009-2011, nas que se aprobaron os compromisos de financiamento de 15.000 euros por entidade ao ano e nas que se acordaron os proxectos a apoiar e se fixo seguimento dos mesmos. De feito, a través da COCIDE financiouse un 'Programa de apoio ó proceso de desenvolvemento económico local para a provincia de Maputo', da man do PNUD, cunha dotación de 62.343 euros. Unha vez pechado este período, no seguinte mandato 2011-2015 a COCIDE foi desarticulada debido ás grandes restricións económicas das administracións locais, ás que tamén lles afectou a crise económica.

En febreiro retomáronse as xuntanzas da COCIDE para a súa posta en funcionamento.

Xa en 2016 ten lugar a aprobación das Liñas Estratéxicas 2016-2019, nas que se fai alusión á indiscutible potencialidade das cidades e deputacións para a cooperación municipalista. Esta cooperación, liderada pola Comisión de Cidades e Deputacións, tería dúas vías de funcionamento: por unha banda, o financiamento de programas de cooperación ao desenvolvemento e, por outra, a participación en proxectos de formación e intercambio cos parceiros do Sur. Porén, fixouse como obxectivo para o presente mandato a revitalización da COCIDE como peza chave da estrutura do Fondo Galego para mellorar a nosa efectividade e calidade da cooperación feita desde os gobernos locais de Galicia.

O relanzamento da COCIDE foi unha forte aposta para este período, polo que se mantiveron dúas reunións en Santiago de Compostela, o 2 de febreiro e o 28 de setembro, ás que foron convidadas representantes das cidades e deputacións de Galicia socias do Fondo Galego. As conclusións de ditas reunións foron as seguintes:

- Necesidade de reelaborar una declaración das cidades e deputacións integradas no Fondo Galego adaptándoa ao contexto e ás necesidades e intereses das administracións locais ao respecto da cooperación ao desenvolvemento.
- Inviabilidade administrativa e política do pronunciamento de promover a progresiva consolidación dunha convocatoria municipalista única de axudas a ONG para o financiamento de proxectos de cooperación, que se xestionaría a través do Fondo Galego.
- Dificultade das administracións locais para levar a cabo as convocatorias de proxectos de cooperación ao desenvolvemento, motivada, en parte, pola falta de persoal especializado. Xorde a idea de que desde o Fondo Galego se coordine ás cidades e deputacións galegas na homoxeneización de convocatorias, formularios e tamén para apoiar tecnicamente no proceso de avaliación.
- En canto ao apoio por parte das administracións locais integradas na COCIDE a un programa de cooperación ao desenvolvemento, destácase a inviabilidade de asegurar a achega no futuro, así como dificultades para operativizar a propia achega.
- Necesidade de impulsar unhas xornadas técnicas de asesoramento para aquelas administracións locais que teñen vontade de realizar convocatoria de proxectos ou de dar un maior impulso a esta política municipal, xa que moitos dos atrancos que se atopan derivan do descoñecemento da lexislación nesta materia.

Porén, as reunións serviron para coñecer as dificultades que atopan as cidades e deputacións na posta en marcha da política pública de cooperación ao desenvolvemento, así como para participar na COCIDE tal e como fora concibida nun primeiro momento. Queda patente que esta ferramenta para promover unha maior implicación e participación das administracións locais con maiores recursos económicos e humanos non é operativa na actualidade, polo que desde a Secretaría Técnica se fará unha revisión en canto á súa pertinencia e abordaxe.

A Comisión de Cidades e Deputacións reuniuse de novo no mes de setembro.

4 SENSIBILIZACIÓN

Nas dúas décadas de andaina do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, o labor da asociación non se centrou unicamente nos proxectos en países empobrecidos, pois somos conscientes de que a causa das dificultades que atravesan no Sur está moitas veces aquí, no Norte. Por iso a asociación de concellos e deputacións considera imprescindible concienciar á cidadanía galega fronte ás desigualdades, de aí que cada ano poña en marcha un ambicioso Plan de Sensibilización que inclúe exposicións, documentais, contos, obradoiros ou espectáculos musicais e teatrais a prol dos dereitos humanos.

Algúns concellos idearon actividades complementarias ás do Fondo, coma esta mostra bibliográfica en Redondela.

As actividades de educación para a cidadanía promovidas polo Fondo Galego durante o último exercicio chegaron a milleiros de persoas duns sesenta concellos e recibiron unha satisfactoria valoración por parte das administracións locais que as acolleron. Outras realidades, a loita contra a pobreza e a exclusión, a equidade de xénero ou as persoas migrantes e refuxiadas son algunhas das temáticas que se abordaron a través destas accións.

Algunhas delas, coma o concerto de Batuko Tabanka ou as mostras fotográficas, xa eran coñecidas polas entidades socias, mentres que en 2017 se lanzaron novas propostas, tal é o caso da exposición sobre o vixésimo aniversario do Fondo Galego ou da obra 'O valo', que acadou un grande éxito. Ao tempo, sentáronse as bases para outras dúas mostras que comezarán a xirar en 2018: unha que dará a coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible a través de viñetas de debuxantes de Galicia e do Sur e outra sobre a realidade de Mozambique e os proxectos alí apoiados, realizada polo fotoxornalista Adrián Irago tras gañar o certame Imaxes con Fondo III.

O novo espectáculo teatral 'O valo' fixo reflexionar sobre fronteiras e refuxio a uns 800 nenos e nenas.

A isto hai que sumarlle o programa Vacacións con Traballo, na súa dobre vertente: a clásica, na que persoal técnico das administracións socias pasa un mes cooperando cos nosos parceiros nalgún país empobrecido, e a nova, na que son empregadas e empregados municipais dos países empobrecidos quen viaxan a Galicia para formarse cos seus homólogos, intercambiando experiencias.

Deste xeito, o Plan "20 Anos a Fondo coa Solidariedade" combinou actividades de eficacia probada con accións innovadoras ás que se lles dará continuidade, e que na maioría dos casos contaron co cofinanciamento da Xunta de Galicia a través da sinatura dun convenio de colaboración por valor de 40.000 euros. Na dinamización de todas elas cómpre sinalar o papel esencial da Rede Municipalista Solidaria, conformada polo persoal técnico delegado das relacións co Fondo Galego en cada administración socia, pois o seu labor organizativo resulta fundamental.

ESPECTÁCULO TEATRAL 'O VALO'

Promover a reflexión sobre as fronteiras e a situación das persoas refuxiadas é o obxectivo do espectáculo teatral que Pallasos en Rebeldía creou para o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. A peza 'O valo' estreouse arredor do Día Mundial das Persoas Refuxiadas e, co apoio da Xunta de Galicia, ao longo de 2017 percorreu dez concellos socios co fin de evitar o esquecemento das guerras e da xente que delas foxe, ao tempo que convidaba a transformar a realidade pensando un mundo diferente.

O actor Fran Rei e a actriz Saleta Fernández, baixo a dirección de Iván Prado, interveñen no espectáculo 'O valo', baseado no texto homónimo que lle valeu a Carlos Labraña o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil. A proposta, que chegou a unhas 800 nenas e nenos, representa o encontro entre unha rapaza que escapa da guerra e un rapaz soldado, gardián devoto de fronteiras móbiles.

Cómpre ter en conta que o conflito en Siria obrigou a máis de cinco millóns de persoas a abandonar o país na procura de refuxio noutros lugares, entre as que se achan moitas menores. 'O valo' é unha obra escrita en homenaxe a todas elas, para que as teñamos presentes e as súas vidas constitúan o xerme da loita contra todos os valados, muros e fronteiras que separan os seres humanos.

- 21/06/17 **Concello de Poio**. CEIP de Lourido. 11h.
- 24/08/17 **Concello de Laxe**. Praza de Ramón Juega. 22h.
- 20/09/17 **Concello de Redondela**. Multiusos de Chapela. 12h.
- 11/10/17 **Concello da Guarda**. Centro Cultural. 12h.
- 16/10/17 **Concello de San Sadurniño**. Casa da Cultura. 12.15h.
- 17/10/17 **Concello de Caldas**. Auditorio. 11.30h.
- 25/10/17 **Concello de Ourense**. Centro Cívico A Ponte. 18.30h.
- 30/10/17 **Concello de Ames**. CEP de Ventín. 11h
- 16/11/17 **Concello de Cabanas**. CEIP Eladia Mariño. 11h.
- 13/12/17 **Concello da Coruña**. Centro Cívico 'Os Mallos'. 17.30h.

Poio acolleu a estrea de 'O valo', obra escrita por Carlos Labraña en homenaxe ás persoas que foxen da guerra.

XIRA DA TROPA DE TRAPO

En 2017, a Tropa de Trapo levou algún dos seus tres espectáculos de contos con valores a unha vintena de concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, chegando a preto de 2.000 persoas. A compañía compostelá mestura as historias contadas con música en directo e obradoiros participativos para facer reflexionar á rapazada.

O espectáculo 'Contamos todas' iniciou en Xove a sensibilización a prol da igualdade de xénero.

Contamos todas

Por primeiro ano representouse en nove administracións locais asociadas ao Fondo Galego o espectáculo 'Contamos todas', centrado na desigualdade e na violencia de xénero, quedando pendente a actuación no **Concello de Malpica**. A sesión ábrese cos contos 'As mulleres de Torneiros' e 'Liberia', exemplos de vida, de mulleres que se enfrontaron a diversas situacións. Historias para pensar, exemplos de empoderamento, rebeldía, equidade e superación. A actividade leva aparellado un obradoiro no que se conta coa opinión do alumnado, para rematar representando as súas propias propostas mediante o emprego de técnicas do Teatro da Oprimida.

- 19/05/17 **Concello de Xove**. IES Illa Sarón. 12:50h
- 10/11/17 **Concello de Valga**. Auditorio. 11h.
- 17/11/17 **Concello de Silleda**. Casa da Cultura. 11h.
- 21/11/17 **Concello de Burela**. Casa da Cultura. 11:30h.
- 22/11/17 **Concello de Lousame**. Casa da Cultura. 10:30h.
- 23/11/17 **Concello do Barco**. Teatro Lauro Olmo. 11:30h.
- 27/11/17 **Concello de Monforte**. Casa da Cultura. 11:30h.
- 28/11/17 **Concello de Tomiño**. IES Antón Alonso Ríos. 12.50h.
- 29/11/17 **Concello de Carballo**. Pazo da Cultura. 12h.

Ti tamén contas

Sete concellos acolleron ao longo do pasado exercicio a proposta 'Ti tamén contas', onde as historias 'O home feliz', 'A pelota' e 'Tumbé', permiten introducir cuestións coma o materialismo, o traballo infantil ou as catástrofes naturais. A seguir, debátese co alumnado arredor da relación entre a abundancia e a felicidade, o consumo responsable ou a importancia da cooperación, sempre a través de dinámicas activas. **Arteixo** e **Soutomaior** adiaron o espectáculo para 2018, mentres que excepcionalmente Moaña e Vilagarcía substituírono por outra obra da Tropa de Trapo.

- 26/05/17 **Concello de Barro**. Biblioteca. 12h.
- 09/08/17 **Concello de Boiro**. Casa da Cultura da Cachada. 12h.
- 06/10/17 **Concello de Cambados**. Auditorio. 12h.
- 18/10/17 **Concello de Pontedeume**. CEIP Couceiro Freijomil. 9:45h.
- 19/10/17 **Concello de Corcubión**. CEIP Praia de Quenxe. 13h.
- 20/10/17 **Concello de Mugardos**. CEIP Unión Mugardesa. 12h.
- 24/11/17 **Concello de Porto do Son**. Casa da Cultura. 10:45h.

'Ti tamén contas' combinou en Barro e noutras seis vilas historias contadas con debates participativos.

Antía, Wamba e o regato pequeno

'Antía, Wamba e o regato pequeno' recalou principalmente nos últimos municipios que se incorporaron ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, como agasallo de benvida. No caso da **Deputación de Pontevedra**, cedeulla ao Concello do Porriño, mentres que en **Vilagarcía de Arousa** non puido levarse a cabo polo mal tempo e en **Monfero** decidiron pasala para 2018. A obra está protagonizada por unha nena galega

e un mozo do Congo que se busca a vida vendendo de todo na rúa. Os contos del e as merendas dela fúndense nunha amizade que lle aprenderá a Antía que compartir non é dar o que che sobra e que, como din na tribo de Wamba, o río énchese con regatos pequenos.

- 03/11/17 **Concello da Pastoriza**. Casa do Concello. 12h.
- 16/12/17 **Concello do Porriño**. Centro Municipal. 17h.
- 26/12/17 **Concello de Miño**. Centro Social da Rúa. 18h.
- 23/12/17 **Concello de Alfoz**. Centro Sociocultural. 18h.
- 14/08/17 **Concello de Moaña**. Palco da música. 19:30h.



'Antía, Wamba e o regato pequeno' transmitiu valores dun xeito entretido ao público familiar de Moaña.

En 2017, a Tropa de Trapo chegou a preto de 2.000 persoas con algunha das súas tres propostas.

EXPOSICIÓN 'GALICIA-CABO VERDE: UNHA IRMANDADE' E CONCERTO DE BATUKO TABANKA

Co fin de dinamizar as mostras fotográficas das que dispón o Fondo Galego, en 2017 volveron aparellarse as exposicións resultantes das dúas primeiras edicións do certame Imaxes con Fondo con cadansúa actividade. No caso de 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade', obra do fotoxornalista Rober Amado, por segundo ano consecutivo complementouse coas actuacións de Batuko Tabanka, cofinanciadas pola Xunta de Galicia. O grupo musical, formado por mulleres de orixe caboverdiana afincadas na Mariña lucense, ofreceu sete concertos, ficando os de **Moraña**, **Allariz** e **Pontevedra** programados para o primeiro trimestre de 2018.

As fotografías da mostra 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade' amosáronse no Concello de Cambre.

A emigración, a identidade ou a situación da muller son algunhas das cuestións que centran os temas de Batuko Tabanka, que tamén ofrece unha charla introdutoria na súa actuación. A agrupación reivindica a música tradicional de Cabo Verde ao tempo que difunde a súa cultura entre a sociedade galega, visibilizándoa e favorecendo actitudes de respecto cara a poboación migrante. Así o fan mentres baten con forza e alegría sobre un pano pregado que colocan entre as pernas, o batuko, e mesmo saíndo a bailar nalgunhas cancións. A través da música e as imaxes de Cabo Verde búscase pois promover a interculturalidade e a inclusión.

Castrelo de Miño incluíu o concerto de Batuko Tabanka na campaña 'En negro contra as violencias'.

- 18/06/17 **Concello de Cambre**. Praza Enrique Piñeiro. 12h. Exposición do 06/06 ao 23/06 no IES David Buján.
- 01/07/17 **Concello de Pontecesures**. Plazuela. 20h. Exposición do 28/06 ao 04/07 na Casa do Concello.
- 01/10/17 **Concello de Verín**. Auditorio. 19h. Exposición do 02/10 ao 17/10 na Sala de Exposicións.
- 22/10/17 **Concello de Cabana**. Auditorio. 17h.
- 18/11/17 **Concello de Ponteareas**. Auditorio Reveriano Soutullo. 20h. Exposición do 10/11 ao 19/11.
- 25/11/17 **Concello de Fene**. CPS de San Valentín. 19:30h. Exposición do 12/12 ao 12/01 na Casa da Cultura.
- 26/11/17 **Concello de Castrelo de Miño**. Parque Naútico. 12:30h. Exposición do 20/11 ao 03/12.

EXPOSICIÓN 'NICARAGUA. O FUTURO' E DOCUMENTAL 'DREAMING NICARAGUA'

A exposición fotográfica 'Nicaragua. O Futuro', autoría de Felipe Carnotto, protagonizou en 2017 unha nova andaina por seis concellos socios do Fondo Galego, coa novidade de que se ofertaba conxuntamente co documental 'Dreaming Nicaragua', grazas a un acordo coa Fundación Fabretto. A fita é un retrato diferente de catro nenos que viven na extrema pobreza, pois lévanos alén das súas dificultades e dálle voz á rapazada, que resulta sorpredentemente divertida, esperanzada e optimista. Un profesor de arte itinerante ofrécelles un espazo seguro para expresarse e soñar, en contraste coa vida diaria marcada pola fame, o traballo infantil e a violencia.

En canto á mostra, que tamén pretende favorecer actitudes de respecto cara a poboación migrante, ofrece a través de vinte instantáneas unha perspectiva en chave persoal sobre a vida cotiá, as paisaxes, as problemáticas, os soños e as esperanzas da poboación nicaraguana. Complétana catro paneis informativos sobre a cooperación internacional promovida polo Fondo Galego en Nicaragua, que inclúe máis de trinta proxectos, 17 deles desenvolvidos de xeito directo co Inprhu-Somoto en áreas como vivenda, saúde, auga e saneamento, formación, ou turismo sostible.

- 14/06/17 a 30/06/17 **Concello de Caldas de Reis**. Auditorio.
- 05/07/17 a 21/07/17 **Concello de Pontecesures**. Casa do Concello.
- 28/07/17 a 28/08/17 **Concello de Rianxo**. Auditorio.
- 14/09/17 a 29/09/17 **Concello de Lousame**. CPI Cernadas de Castro. Proxección o 25/09 ás 13:15h.
- 05/10/17 a 31/10/17 **Concello de Santiago de Compostela**. Centro Sociocultural das Fontiñas. Proxeccións o 27/10 no CSC das Fontiñas ás 18:30h, o 16/11 no CSC de Santa Marta ás 19:30h e o 24/11 no CSC 'José Saramago' de Vite ás 19h.
- 15/11/17 a 30/11/17 **Concello da Laracha**. Centro Social de Paiosaco.

'Nicaragua. O Futuro' expúxose en Santiago de Compostela, onde tamén se proxectou 'Dreaming Nicaragua'.

EXPOSICIÓN '20 ANOS A FONDO COA SOLIDARIEDADE'

Ao longo de 2016 traballouse nunha exposición sobre as dúas décadas de traxectoria do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. En 2017, a mostra '20 Anos a Fondo coa Solidariedade', pensada para exteriores, divulgou en trece vilas o labor realizado por esta rede de administracións locais comprometidas cos dereitos humanos, chegando a milleiros de persoas.

Dar a coñecer a contribución de deputacións e concellos galegos á erradicación das desigualdades Norte-Sur, ao tempo que se fomenta unha opinión pública favorable á cooperación para o desenvolvemento, é o obxectivo desta exposición, deseñada por Pepe Carreiro e cofinanciada pola Xunta de Galicia. Os paneis fan un repaso pola orixe do Fondo Galego, os proxectos apoiados en países empobrecidos ou as actividades de sensibilización implementadas en Galicia, entre outros contidos.

Os paneis da mostra '20 Anos a Fondo coa Solidariedade' divulgaron en Ames o labor realizado pola rede.

Nenas e nenos de Vilagarcía prepararon o seu propio mural sobre o significado da solidariedade.

- 08/05/17 a 14/05/17 **Concello de Lugo**. Praza Maior.
- 15/05/17 a 04/06/17 **Concello de Sada**. Travesía da Obra.
- 05/06/17 a 11/06/17 **Concello de Mugardos**. Praza do Concello.
- 12/06/17 a 25/06/17 **Concello de Burela**. Praza do Concello.
- 26/06/17 a 09/07/17 **Concello de Ames**. Praza da Maía (Bertamiráns).
- 10/07/17 a 19/07/17 **Concello de Vilagarcía**. Rúa Ramón y Cajal.
- 20/07/17 a 10/08/17 **Concello de Redondela**. Praza do Concello.
- 01/09/17 a 10/09/17 **Concello da Guarda**. Praza do Reló.
- 11/09/17 a 12/10/17 **Concello de Nigrán**. Praza do Concello.
- 13/10/17 a 08/11/17 **Concello da Estrada**. Casa das Letras.
- 09/11/17 a 09/11/17 **Santiago de Compostela**. Cidade da Cultura.
- 10/11/17 a 03/12/17 **Concello de Rianxo**. Rúa de Abaixo.
- 04/12/17 a 31/12/17 **Concello da Pobra do Caramiñal**. Xardíns Valle-Inclán.

EXPOSICIÓN SOBRE MOZAMBIQUE

O reporteiro Adrián Irago gañaba en 2016 a terceira edición do certame Imaxes con Fondo e, como nas dúas ocasións anteriores, o seu premio sería desprazarse a un país do Sur para preparar unha exposición fotográfica sobre a realidade local e os proxectos alí apoiados polo Fondo Galego. Neste caso, o destino foi Mozambique e a viaxe produciuse entre o 12 e o 30 de novembro de 2017.

Durante a súa estadía, o fotoxornalista vigués visitou varias das iniciativas de loita contra a pobreza cofinanciadas desde o ano 2001 en materia de educación, saúde ou abastecemento de auga. O Fondo Galego ten impulsado no país lusófono unha decena de proxectos, que supuxeron preto de 300.000 euros de investimento e que na súa maioría se levaron a cabo coa Casa do Gaiato e a súa "irmá" a Fundação Encontro como parceiros, pero tamén coa colaboración de

O fotoxornalista Adrián Irago preparou en Mozambique unha exposición sobre a vida e os proxectos no país.

ODS1: Poñer fin á pobreza en todas as súas formas en todo o mundo. Neivaldo Nhatugueja (Mozambique).

ONGD galegas ou do Programa das Nacións Unidas para o desenvolvemento (PNUD).

O obxectivo de Adrián Irago recolleu ademais a actividade pesqueira, aspectos culturais, espazos naturais, etc. do país africano. A mostra resultante do seu traballo iniciará en 2018 o percorrido por deputacións e concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

EXPOSICIÓN SOBRE OS ODS

Os municipios teñen un papel chave no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible fixados pola ONU co fin de erradicar a pobreza e as desigualdades no horizonte de 2030. O primeiro paso é dalos a coñecer, de aí que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade preparara no último ano unha exposición sobre os ODS, empregando o humor e a retranca que nos caracteriza para facelos máis comprensibles para cidadanía.

Deste xeito, solicitouse a colaboración de 14 debuxantes, tanto de Galicia como de países lusófonos, para elaborar un total de 17 viñetas que reflectiran cada un dos ODS. O Fondo Galego volve apostar así por accións que vinculen a concienciación co mundo da arte e da cultura, co fin de implicar a este sector e visibilizalo. Ademais, fíxose un esforzo especial por incorporar autoras, tendo en conta que a banda deseñada é un xénero especialmente hostil para as mulleres,



ODS14: Conservar e utilizar de xeito sostible os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sostible. Noemí López (Galicia).

non só pola perpetuación dos roles de xénero senón tamén por manter ás ilustradoras nun segundo plano.

Entre as sinaturas que podemos atopar nesta exposición áchanse Neivaldo Nhatugueja (Mozambique), Iago Araujo Molina, Pablo Rosendo, Roberto Mendes (Guinea-Bissau), María Nóvoa, Alberto Fortes 'Litó' (Cabo Verde), María Vilar, Jano, Alicia Jaraba, Clara Patiño, Paula Esteban Blanco, Noemí López, Amparo Fernández Fernández 'Laprislazuli', Alfredo López 'Tokio' e Luis Davila.

VACACIÓNS CON TRABALLO

Empregadas dos concellos de **Rianxo** e **Cabana de Bergantiños** desprazáronse durante o mes de setembro a Mozambique para cooperar cos parceiros do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade a través das Vacacións con Traballo, o programa de voluntariado internacional dirixido aos cadros das administracións locais e provinciais socias da entidade.

Magui Docanto, traballadora social do Concello de Cabana, colaborou coa Fundação Encontro, que na súa Área de Acción Social traballa nos eidos da educación e a saúde con tres grupos prioritarios: menores orfos e vulnerables, enfermos crónicos e persoas maiores desamparadas. A voluntaria percorreu as comunidades canda o equipo da ONGD, que solicitou asesoramento sobre todo para monitorizar e avaliar o labor que se realiza. A colaboradora tamén botou unha man no lugar onde se aloxaba, a Casa do Gaiato, centro que acolle a máis de 150 nenos. Ademais, participou nas primeiras actividades do proxecto de cooperación que actualmente apoia o Fondo Galego, apostando polo deporte para previr doenzas e adiccións na mocidade.

Uxía Cespón, educadora social do Concello de Rianxo, colaborou co municipio de Mandlakazi, achegando os seus coñecementos nomeadamente en materia de igualdade, man a man coa concelleira de Asuntos Sociais. A técnica municipal dinamizou actividades de sensibilización sobre violencia de xénero con varios grupos de mulleres e tamén traballou con mocidade, detectando un alto nivel de implicación. Tivo ademais a oportunidade de visitar distintas organizacións, centros comunitarios para maiores e mesmo a Asociación Nacional de Municipios de Mozambique, coa que o Fondo Galego ten abertas vías de colaboración.

Alén de achegar unha cooperación técnica nas especialidades que se demandan desde os países empobrecidos, outro dos obxectivos das Vacacións con Traballo é concienciar fronte as desigualdades e a prol da solidariedade internacional. Para isto, as participantes compartiron a súa experiencia a través do blog https://vacacionscontraballo.wordpress.com e á volta tomaron parte en diferentes actividades de difusión. Uxía Cespón transmitiulles as vivencias en África a alumnado dos colexios Castelao e Brea Segade, mentres que Magui Docanto farao tamén nun centro educativo.

Magui Docanto, traballadora social de Cabana, achegou o seu asesoramento na Fundação Encontro.

Uxía Cespón, técnica do Concello de Rianxo, colaborou co municipio de Mandlakazi en materia de xénero.

VACACIÓNS CON TRABALLO EN GALICIA

Despois de doce anos enviando a persoal dos concellos socios a colaborar cos parceiros no Sur, o programa Vacacións con Traballo adquiriu en 2017 unha dimensión de ida e volta, xa que en outubro foron dúas técnicas municipais de Cabo Verde e Mozambique as que viaxaron a Galicia para intercambiar experiencias. Saneamento, medio ambiente, planificación urbanística e estradas son algunhas das áreas polas que as profesionais amosaron interese en formarse.

Paula Pina, directora de gabinete de Saneamento, Medio Ambiente e Seguridade Urbana da Cámara Municipal de Santa Cruz, no arquipélago africano, iniciou a estadía visitando diferentes fincas da **Deputación de Pontevedra**, para percorrer logo **A Guarda**, **San Sadurniño** e **Burela**. Alí tivo ocasión de comprobar o funcionamento de depuradoras, pozos de bombeo, punto limpo, servizo de xardinería, etc.

En instalacións semellantes tiña interese Ailina da Marta, topógrafa da vila mozambicana de Mandlakazi que pasou tamén pola **Deputación de Pontevedra** e polos concellos de **Tomiño**, **Valga**, **O Barco**, **Moaña** e **Narón**. A súa axenda incluíu a fiscalización de obras, revisión de PXOM, servizo de mobilidade ou manexo de programas informáticos.

As dúas profesionais coincidiron en destacar as melloras que nos últimos anos se teñen dado nos seus concellos en materia urbanística, de limpeza ou alumeado público, pero apuntan que aínda queda moito por facer dada a carencia de recursos económicos, equipamentos e formación. A través deste programa de cooperación técnica, búscase contribuír a reforzar as capacidades dos municipios de países empobrecidos, ao tempo que se pon en valor a multiculturalidade e se sensibilizar sobre as desigualdades Norte-Sur, para o que as convidadas tamén impartiron diversas charlas.

A caboverdiana Paula Pina achegouse ao Ciclo Superior de Saúde Ambiental no IES de Burela.

A técnica municipal de Santa Cruz puido coñecer distintos servizos ambientais do Concello da Guarda.

Ailina da Marta despediu as Vacacións con Traballo en Galicia no Concello de Narón.

A topógrafa da vila mozambicana de Mandlakazi visitou cinco concellos, entre eles o de Valga.

5 COMUNICACIÓN

Afondar na comunicación era unha das orientacións recollidas nas Liñas Estratéxicas 2016-2019 do Fondo Galego, tanto para continuar dando a coñecer o traballo da asociación municipalista como as desigualdades Norte-Sur. Se na lexislatura anterior se sistematizou esta área, nun proceso paulatino que culminou coa aprobación do primeiro Plan en 2013, no último ano elaborouse un novo documento que se estende ata finalizar o mandato da actual Comisión Executiva.

O **Plan de Comunicación Externa 2017-2019** pretende constituírse pois nunha guía que paute os principais procesos comunicativos a materializar para incrementar a visibilización do noso labor e, en consecuencia, a participación no seo da entidade, ao tempo que se contribúe a reforzar a imaxe positiva da cooperación internacional desde o local. Amais de facilitarnos chegar aos diferentes públicos obxectivos con meirande claridade e eficacia, esta ferramenta contribuirá a incrementar o impacto mediático das accións cun enfoque axeitado, convidando así á reflexión sobre as causas da pobreza e colleitando novos apoios para o noso labor.

Ao longo de 2017 xa se estableceron varias vías para responder á necesidade de achegarse máis e mellor á cidadanía e ao propio mundo municipal, reforzando a transparencia e multiplicando as accións informativas. Neste exercicio púxose ademais especial énfase na posta en valor dos vinte anos de andaina do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, coa creación por exemplo de vídeos específicos sobre esta traxectoria e convidando a unirse á nosa rede. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) constitúen outro dos puntos fortes a ter en conta, e xa se realizaron varias publicacións nas redes sociais para divulgalos.

As emisoras de Lugo recolleron declaracións na estrea da mostra '20 Anos a Fondo coa Solidariedade'.

O Plan de Comunicación Externa esboza tanto as estratexias **offline** coma online para acadar os obxectivos fixados no documento. Entre as primeiras, apúntanse accións coma o envío de notas de prensa, que en 2017 foron unhas setenta; a organización de roldas e tomas de declaracións en momentos chave, que se produciron principalmente en deputacións e concellos receptores das actividades; ou a xestión de entrevistas e reportaxes, realizadas en boa medida con motivo das visitas que tivemos. Ademais, canda os modelos de nota os concellos recibiron tamén cartelería e participamos en presentacións públicas en distintos foros.

En canto á comunicación **online**, seguimos tendo cobertura en xornais electrónicos e webs de distintas organizacións, alén dos nosos propios medios dixitais. Deste xeito, editáronse ca-

A Deputación de Pontevedra organizou unha rolda de prensa para presentar o programa Vacacións con Traballo.

A colaboración entre o Fondo Galego e a Fegamp materialízase tamén no eido da difusión.

tro novos números da publicación trimestral 'Infórmate a Fondo', con máis dun milleiro de descargas e na que, a maiores de informar sobre a actividade da asociación, se completou a rolda de entrevistas a membros da Comisión Executiva. Con periodicidade mensual seguiu ademais enviándose por e-mail a newsletter 'O Fondo Galego Informa', para a que se fixo unha revisión exhaustiva das diferentes listaxes de correo electrónico, que se completaron ata acadar os 675 enderezos.

A web www.fondogalego.org continuou actualizándose con asiduidade, sobre todo as seccións de noticias, axenda e galería fotográfica. De feito, practicamente se duplicaron as visitas, que chegaron a 145.650, mentres que os visitantes únicos pasaron de 36.000 a máis de 83.000. Así mesmo, o noso voluntariado en terreo deu conta da experiencia a través do blog vacacionscontraballo.wordpress.com. Ambas as dúas plataformas se retroalimentaron coas redes sociais do Fondo Galego. En Facebook superamos os 5.000 siareiros e siareiras, mentres que en Twitter achegámonos aos 2.000. Tamén intensificamos o emprego do Whatsaapp, aínda que sobre todo como vía de comunicación interna, ao igual ca o mailing.

A todas estas ferramentas propias do Fondo Galego cómpre sumarlles as **canles das deputacións e concellos socios**, nomeadamente páxina web e redes sociais, aínda que algúns municipios editan tamén publicacións en papel e poucos contan xa con emisoras municipais. No mesmo senso, viñéronse fortalecer alianzas como a acadada coa Federación Galega de Municipios e Provincias (**Fegamp**) para que a revista 'Concellos galegos' inclúa cada cuadrimestre cando menos unha páxina dedicada á actualidade do Fondo Galego. Desta volta, os ODS, a visita da delegación guineana, ou vixésimo aniversario foron algúns dos temas centrais.

De igual xeito, buscouse a complicidade de cinco xornais galegos, dous impresos e tres dixitais, para a publicación de **artigos de opinión**, asinados principalmente por membros da Comisión Executiva. Aproveitando a conmemoración de distintos Días Internacionais como "percha", abordáronse cuestións relativas ao medio ambiente, a infancia, os dereitos humanos ou a xustiza social.

Os múltiples impactos en medios de comunicación recolléronse nun **dossier de cobertura mediática** que se saldou con 521 inserciónns: 2 en axencias de noticias, 3 en canles de televisión, 11 en emisoras de radio, 136 en xornais ou revistas e 369 en páxinas web. Cómpre lembrar que, para que o pressbook sexa o máis completo posible, as deputacións e concellos socios deben remitir á Secretaría Técnica os artigos publicados na prensa local arredor das actividades co Fondo Galego, así como difundir os comunicados que se lles proporcionan ao respecto. O Plan de Comunicación Externa 2017-2019 inclúe un anexo de "**boas prácticas**" que poden executar e o Departamento de Comunicación está á súa disposición para facilitar os materiais necesarios e asesoralos sobre calquera dúbida que poida xurdir.

6 BALANCE ECONÓMICO

En materia económica, no 2017 realizouse un esforzo importante por visibilizar o rigor e a transparencia na xestión. Tal e como estaba previsto no Plan de Actividades 2017, levouse a cabo unha revisión da contabilidade desde o exercicio 2011 ata o 2016, obtendo un resultado favorable. Dita revisión contratouse a unha entidade externa experta na materia, que revisou un a un os documentos de pago e gasto entre eses anos, así coma os balances contables e demais documentos probatorios en materia económica. O resultado confirma que os datos presentados en Asemblea entre eses anos son un fiel reflexo da realidade e que os gastos foron destinados aos fins previstos. Cómpre sinalar asemade a intención de realizar unha auditoría contable ao peche do exercicio 2019, no fin do mandato, para mellorar a rendición de contas.

En 2017, tamén foi aprobado pola Asemblea Xeral o protocolo elaborado en relación ao pago da cota. O protocolo ten como obxectivo estandarizar o procedemento e establecer unhas pautas comúns aplicables a todos os socios do Fondo Galego para gañar en equidade.

Ademais deste traballo impulsado para visibilizar a transparencia económica do Fondo Galego, o ano 2017 déixanos un resultado moi positivo.

Dita anualidade reflicte a estabilización da asociación municipalista en materia económica. O compromiso das administracións locais socias co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e, por tanto, coa defensa da cooperación ao desenvolvemento, é palpable no feito de que é o ano con maiores ingresos no que vai de mandato 2015-2019. Cómpre destacar o pagamento de cotas atrasadas por parte de diversos concellos socios.

En canto aos gastos, 2017 déixanos como balance positivo 22.362,03€. Ese importe non executado está comprometido para o próximo ano para os proxectos de cooperación ao desenvolvemento, concretamente para os proxectos que xa foron aprobados para financiamento resultado da convocatoria para ONGD.

Así mesmo, ao peche do exercicio o Fondo Galego contaba cunha débeda por parte dos socios en canto ao pago da cota 2017 de 17.876,79€. Mais, nos primeiros meses do 2018 esa débeda veuse reducida a 3.476,79€.

INGRESOS		232.489,89
Cotas de socios		**184.497,27**
Cotas de socios 2017	184.497,27	
Cotas de socios atrasadas		**5.739,62**
Concello do Irixo 2016	252,02	
Concello de Sada 2012	1148,42	
Concello de Pontearéas 2016	1733,64	
Concello de Burela 2015	759,18	
Concello de Cuntis 2015	431,63	
Concello de Cuntis 2014	607,18	
Concello de Cuntis 2016	432,22	
Concello de Laxe 2016	375,33	
Subvención fortalecemento e sensibilización		**40.000,00**
Convenio Xunta de Galicia	40.000,00	
Doazóns emerxencia persoas refuxiadas		**1.855,00**
Concello de Teo	1.825,00	
Anónimo	30,00	
Outros ingresos		
Pago Concello de Lugo por traslado e montaxe exposición 20 anos	300,00	
Reembolso Rafael García Matíes	98,00	

GASTOS		210.127,86
Gastos Correntes		**62.468,52**
Gastos Secretaría do Fondo (IGADI)	60.000,00	
Gastos asesoría	1.652,77	
Servizos bancarios e similares	255,08	
Outros servizos e gastos varios	210,93	
Amortización inmobilizado	349,74	
Gastos plan fortalecemento		**19.084,00**
Campaña captación de socios	505,80	
Contos solidarios para novos socios	1.897,62	
Xuntanzas da Rede Municipalista Solidaria	300,99	

Estimular a asistencia á Asemblea Xeral	285,40	
Formación en cooperación e políticas públicas locais	5.324,46	
Conmemoración do 20 aniversario	4.132,03	
Cota e participación na Confederación de Fondos	4.283,14	
Alianza europea de redes locais para a cooperación internacional	176,56	
Revisión contabilidade 2011-2016	2.178,00	
Gastos plan sensibilización		**70.807,21**
Coordinación da área de sensibilización	24.000,00	
Exposicións con actividades	13.631,48	
Exposición sobre os ODS	1.680,32	
Contacontos	8.395,24	
Viaxe Mozambique gañador Imaxes con Fondo	3.202,42	
Representacións teatrais 'O valo'	8.439,97	
Vacacións con Traballo	5.203,17	
Vacacións con Traballo en Galicia	6.254,61	
Gastos plan proxectos cooperación		**52.930,90**
Convocatoria ONGD	17,84	
Programa Fundação Encontro	20.000,00	
Axudas de emerxencia		
Emerxencia persoas refuxiadas ACNUR	11.855,00	
Emerxencia alimentaria saharauí	6.000,00	
Proxecto pozos de auga en Nhamayábue	14.982,86	
Relanzamento do COCIDE	75,20	
Gastos plan comunicación		**1.750,90**
Mantemento páxina web	133,10	
Deseño e impresión memorias	1.289,86	
Deseño e distribución online boletín IAF	241,95	
Organización do arquivo fotográfico e documental	85,99	
Imprevistos		**3.086,33**
Visita delegación ministerial Guinea Bissau	651,27	
Participación no IV Foro Mundial de Desenvolvemento Económico Local	1450,62	
Outros	984,44	
EXERCICIO 2017		**22.362,03**

7 AXENDA

10-01-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp. 09:00.
10-01-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego coa Coordinadora Galega de ONGD. Fegamp. 12:00.
10-01-2017	Santiago de Compostela. Entrega de premios do certame Imaxes con Fondo III. Fegamp. 11:30.
10-01-2017 - 24-01-2017	Concello de Cuntis. Exposición 'Imaxes con Fondo'. CPI Aurelio Rey.
26-01-2017	Concello de Silleda. Charla 'África. Soños e mentiras'. IES Silleda. 16:40.
31-01-2017	Concello de San Sadurniño. Charla 'As nenas e nenos soldados'. Casa do Concello. 11:00.
15-01-2017 - 31-01-2017	Concello de San Sadurniño. Exposición 'As nenas e nenos soldados'. Casa do Concello.
02-02-2017	Concello de Moaña. Charla da concelleira María Ortega sobre a experiencia en Mozambique. EEI de Verducido. 10:00.
02-02-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza do Consello de Cidades e Deputacións (Cocide) do Fondo Galego. Fegamp. 11:00.
16-02-2017	Concello de Moaña. Charla da concelleira María Ortega sobre a experiencia en Mozambique. CEIP de Abelendo.
22-02-2017	Concello de Culleredo. Charla 'As nenas e nenos soldados'. IES Blanco Amor e IES Rego de Trabe. 10:30.
15-02-2017 - 28-02-2017	Concello de Culleredo. Exposición 'As nenas e nenos soldados'. IES Blanco Amor e IES Rego de Trave.
27-01-2017 - 28-02-2017	Concello de Lousame. Exposición 'Imaxes con Fondo'. CPI Cernadas de Castro.
27-01-2017 - 28-02-2017	Serbia. Recadación de fondos na nosa conta de emerxencia ES98 2080 0559 2630 4000 4276 para as persoas refuxiadas en Serbia. A axuda será canalizada a través do ACNUR.
06-03-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza de representantes da Comisión Executiva do Fondo Galego co director xeral de Relacións Exteriores e coa UE. 10:30.

15-03-2017	Santiago de Compostela. Asemblea Xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Fegamp. 11:00.
15-03-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp. 09:30.
22-03-2017	Bruxelas. Xuntanza de avaliación do proxecto europeo 'Redes para o desenvolvemento'. 10:00.
22-03-2017 - 24-03-2017	Municipio de Sant Cugat del Vallès . Participación na xornada de formación técnica organizada polo Fons Catalá de Cooperació al Desenvolupament : 'A cooperación entre institucións públicas locais: promoción de modelos horizontais e recíprocos' .
27-03-2017	Concello de Ourense. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Sala de lectura do Centro Cívico Colón. Rúa Colón nº 18. 2º andar. 10:30.
28-03-2017	Concello de Ponteareas. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Centro de Servizos Sociais. Rúa Oriente, nº8. 10:30.
29-03-2017	Concello de Santiago de Compostela. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Servizos Sociais. Isaac Díaz Pardo, 2-4. (Galeras). 10:30.
30-03-2017	Deputación de Lugo. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Aulas de formación da Deputación de Lugo. Rúa San Marcos, nº8. 10:30.
31-03-2017	Concello de Vilagarcía de Arousa. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Sala de Xuntas de Alcaldía. Praza Ravella, 1. 10:30.
03-04-2017	Concello de Sada. Reunión da Rede Municipalista Solidaria. Salón de Plenos do Concello. Edificio da Axudantía. Rúa do Porto s/n. 10:30.
17-03-2017 - 16-04-2017	Online. Aberto o prazo de solicitude de actividades de sensibilización para as deputacións e concellos socios.
18-04-2017	Madrid. Formación sobre localización dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). 09:00.
24-04-2017	Concello de Lourenzá. Reunión de presentación do Fondo Galego ante a Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense. 20:00.
27-04-2017	Deputación de Pontevedra. Rolda de prensa de presentación do programa Vacacións con Traballo. 10:30.
27-04-2017	Deputación de Pontevedra. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. 10:30.
03-04-2017 - 10-05-2017	Online. Aberta a convocatoria do programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo.
08-05-2017 - 14-05-2017	Concello de Lugo. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade', no marco da I Semana Intercultural. Praza Maior.

19-05-2017	Concello de Xove. Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. IES Illa Sarón. 12:50.
24-05-2017	FEGAMP, Santiago de Compostela. Reunión do Consello Municipalista da Cooperación. 11:00.
26-05-2017	Concello de Barro. Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. Biblioteca municipal. 12:00.
29-05-2017	Deputación de Pontevedra. Recepción institucional da delegación ministerial de Guinea Bissau e visita ao Viveiro de empresas Barro- Meis e á estación Fitopatolóxica do Areeiro. 10:30.
30-05-2017	FEGAMP, Santiago de Compostela. Reunión da delegación ministerial de Guinea Bissau coa Comisión Executiva do Fondo Galego. 09:30.
30-05-2017	Concello de Santiago de Compostela. Xuntanza coa Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e visita ao Viveiro de empresas. 11:30.
30-05-2017	Concello de Vimianzo. Xuntanza da delegación ministerial de guinea Bissau coa Asociación de profesionais de Desenvolvemento Local de Galicia. 13:30.
30-05-2017	Concello de Santiago de Compostela. Visita da delegación ministerial guineana ao Centro de Emprendemento do Gaiás. 17:00.
31-05-2017	Concello de Santiago de Compostela. Seminario 'Os retos da cooperación municipalista na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible'. EGAP. 09:30.
31-05-2017	Concello de Lugo. Visita da delegación ministerial de Guinea Bissau ao viveiro de empresas CEI-Nodus. 17:00.
01-06-2017	Concello de Tomiño. Recepción institucional e visita ao mercado local da delegación ministerial de Guinea Bissau. 10:30.
15-05-2017 - 04-06-2017	Concello de Sada. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Travesía da Obra.
05-06-2017 - 11-06-2017	Concello de Mugardos. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Concello.
05-06-2017 - 11-06-2017	Concello de Mugardos. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Concello.
18-06-2017	Concello de Cambre. Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Praza Enrique Piñeiro. 12:00.
21-06-2017	Concello de Poio. Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. CEIP de Lourido. 11:00.
06-06-2017 - 23-06-2017	Concello de Cambre. Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. IES David Buján.
12-06-2017 - 25-06-2017	Concello de Burela. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Concello.
30-06-2017	Serbia. Peche do proxecto xunto con ACNUR de axuda de emerxencia para as persoas refuxiadas en Serbia.
14-06-2017 - 30-06-2017	Concello de Caldas de Reis. Exposición 'Nicaragua: o futuro'. Auditorio Municipal.

01-07-2017	Concello de Pontecesures. Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Plazuela. 20:00.
28-06-2017 - 04-07-2017	Concello de Pontecesures . Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. Casa do Concello.
26-06-2017 - 09-07-2017	Concello de Ames. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza da Maía (Bertamiráns).
12-07-2017	Pontevedra. Formación para o voluntariado internacional do programa Vacacións con Traballo. Secretaría Técnica do Fondo Galego (IGADI). 10:00.
18-07-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp. 09:30.
10-07-2017 - 19-07-2017	Concello de Vilagarcía. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Rúa Ramón y Cajal.
05-07-2017 - 21-07-2017	Concello de Pontecesures. Exposición 'Nicaragua: o futuro'. Casa do Concello.
23-06-2017 - 22-07-2017	Secretaría Técnica do Fondo Galego. Convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento para ONGD con sede ou delegación en Galicia.
31-07-2017	Concello de Ordes. Reunión de presentación do Fondo Galego ante a Mancomunidade de Concellos de Ordes. 13:30.
01-08-2017	Distritos de Boane e Namaacha. Maputo. Mozambique. Inicio do proxecto "Promoción da saúde a través do deporte no medio rural dos distritos de Boane e Namaacha", da man da Fundação Encontro.
09-08-2017	Concello de Boiro. Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. Casa da Cultura da Cachada. 12:00.
20-07-2017 - 10-08-2017	Concello de Redondela. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Concello.
14-08-2017	Concello de Moaña. Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Palco da música. 19:30.
24-08-2017	Concello de Laxe. Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Praza de Ramón Juega. 22:00.
26-08-2017	Concello de Vilagarcía. Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Praza de Galicia. 11:15.
28-07-2017 - 28-08-2017	Concello de Rianxo. Exposición 'Nicaragua: o futuro'. Auditorio.
01-09-2017 - 10-09-2017	Concello da Guarda. Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Reló.
13-09-2017	Santiago de Compostela. Reunión de coordinación da actividade Vacacións con Traballo en Galicia. Fegamp. 10:00.
14-09-2017	Concello de Paderne de Allariz. Reunión de presentación do Fondo Galego ante a Mancomunidade Voluntaria de Concellos da Comarca de Ourense. 19:30.
20-09-2017	Concello de Redondela. Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Multiusos de Chapela. 12:00.
21-09-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp. 09:30.

22-09-2017	Santiago de Compostela. Participación na comisión avaliadora de proxectos do Concello de Santiago. Servizos Sociais. 11:30.
25-09-2017	Concello de Lousame. Proxección do documental 'Dreaming Nicaragua'. CPI Cernadas de Castro. 13:15.
28-09-2017	Santiago de Compostela. Xuntanza do Consello de Cidades e Deputacións (Cocide) do Fondo Galego. Fegamp. 10:30.
29-09-2017	Pontevedra. Sinatura do convenio coa asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí para o proxecto "Urxencia alimentaria nos campamentos de refuxiados saharauís". Secretaría Técnica. 11:30.
14-09-2017 - 29-09-2017	Concello de Lousame / Exposición 'Nicaragua: o futuro'. CPI Cernadas de Castro.
01-09-2017 - 30-09-2017	Mozambique / Vacacións con Traballo de Uxía Cespón, técnica do Concello de Rianxo, e Magui Docanto, técnica do Concello de Cabana.
01-10-2017	Concello de Verín / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Auditorio. 19:00.
06-10-2017	Concello de Cambados / Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. Auditorio municipal. 12:00.
11-10-2017	Concello da Guarda / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Centro Cultural. 12:00.
11-09-2017 - 12-10-2017	Concello de Nigrán / Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Praza do Concello.
16-10-2017	Concello de San Sadurniño / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Casa da Cultura. 12:15.
17-10-2017	Concello de Caldas / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Auditorio. 11:30.
02-10-2017 - 17-10-2017	Concello de Verín / Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. Sala de exposicións.
18-10-2017	Concello de Pontedeume / Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. CEIP Couceiro Freijomil. 09:45.
19-10-2017	Concello de Corcubión / Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. CEIP Praia de Quenxe. 13:00.
20-10-2017	Concello de Mugardos / Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. CEIP Unión Mugardesa. 12:00.
19-10-2017 - 20-10-2017	Praia (Cabo Verde) / Participación no IV Foro Mundial de Desenvolvemento Económico Local. /
21-10-2017	Municipio de Santa Cruz (Cabo Verde) / A vicepresidenta do Fondo Galego visita os proxectos financiados.
22-10-2017	Concello de Cabana / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Auditorio. 17:00.
01-10-2017 - 24-10-2017	Galicia / Vacacións con Traballo en Galicia de Paula Pina, técnica municipal de Santa Cruz (Cabo Verde).
25-10-2017	Concello de Ourense / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Centro Cívico A Ponte. 18:30.

25-10-2017	Concello de Vigo / O presidente do Fondo Galego participa na presentación da publicación 'Governa Altavoz 17', da consultora Auren, sobre os #ODS. Círculo de Empresarios de Galicia. 18:00.
27-10-2017	Santiago de Compostela / Documental 'Dreaming Nicaragua'. Centro Sociocultural das Fontiñas. 18:30.
30-10-2017	Concello de Ames / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. CEP de Ventín. 11:00.
05-10-2017 - 31-10-2017	Santiago de Compostela / Exposición 'Nicaragua. O Futuro'. Centro Sociocultural das Fontiñas.
02-10-2017 - 01-11-2017	Galicia / Vacacións con Traballo en Galicia de Ailina da Marta, técnica municipal de Mandlakazi (Mozambique).
02-11-2017	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi. 09:30.
03-11-2017	Concello da Pastoriza / Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Casa do Concello. 12:00.
08-11-2017	Santiago de Compostela / Asemblea da Confederación de Fondos. EGAP. 16:30.
13-10-2017 - 08-11-2017	Concello da Estrada / Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Casa das Letras.
09-11-2017	Santiago de Compostela / "20 Anos a Fondo coa Solidariedade". Conmemoración do 20º aniversario do Fondo Galego. Cidade da Cultura. 11:00.
10-11-2017	Concello de Valga / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Auditorio. 11:00.
16-11-2017	Concello de Cabanas / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. CEIP Eladia Mariño. 11:00.
16-11-2017	Santiago de Compostela / Documental 'Dreaming Nicaragua'. Centro Sociocultural de Santa Marta. 19:30.
17-11-2017	Concello de Silleda / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Casa da Cultura. 11:00.
17-11-2017	Pontevedra / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Igadi. 09:30.
18-11-2017	Concello de Ponteareas / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Auditorio Reveriano Soutullo. 20:00.
10-11-2017 - 19-11-2017	Concello de Ponteareas / Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. Auditorio Reveriano Soutullo.
21-11-2017	Concello de Burela / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Casa da Cultura. 11:30.
22-11-2017	Concello de Lousame / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Casa da Cultura. 10:30.
23-11-2017	Concello do Barco / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Teatro Lauro Olmo. 11:30.

23-11-2017	Concello de Rianxo / Charla da técnica Uxía Cespón sobre as Vacacións con Traballo en Mozambique. CEIP Castelao. 09:35.
24-11-2017	Concello de Porto do Son / Obradoiro e contos 'Ti tamén contas'. Casa da Cultura. 10:45.
24-11-2017	Concello de Rianxo / Charla da técnica Uxía Cespón sobre as Vacacións con Traballo en Mozambique. CEIP Castelao. 09:35.
24-11-2017	Santiago de Compostela / Documental 'Dreaming Nicaragua'. Centro Sociocultural 'José Saramago' de Vite. 19:00.
25-11-2017	Concello de Fene / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. CPS de San Valentín. 19:30.
26-11-2017	Concello de Castrelo de Miño / Actuación do grupo de mulleres caboverdianas Batuko Tabanka. Albergue do Parque Naútico. 12:30.
27-11-2017	Concello de Monforte / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Casa da Cultura. 11:30.
28-11-2017	Concello de Tomiño / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. IES Antón Alonso Ríos. 12:50.
28-11-2017	Concello de Rianxo / Charla da técnica Uxía Cespón sobre as Vacacións con Traballo en Mozambique. CEP Xosé María Brea Segade. 16:15.
29-11-2017	Concello de Carballo / Obradoiro e contos a prol da igualdade 'Contamos todas'. Pazo da Cultura. 12:00.
29-11-2017	Concello de Rianxo / Charla da técnica Uxía Cespón sobre as Vacacións con Traballo en Mozambique. CEP Xosé María Brea Segade. 16:15.
15-11-2017 - 30-11-2017	Concello da Laracha / Exposición 'Nicaragua: o futuro'. Centro Social de Paiosaco.
20-11-2017 - 03-12-2017	Concello de Castrelo de Miño / Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. Sala de exposicións de TurCastrelo (Parque Náutico).
10-11-2017 - 03-12-2017	Concello de Rianxo / Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Rúa de Abaixo.
12-12-2017	Santiago de Compostela / Asemblea Xeral de socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Fegamp. 10:30.
12-12-2017	Santiago de Compostela / Xuntanza da Comisión Executiva do Fondo Galego. Fegamp. 09:30.
13-12-2017	Concello da Coruña / Obra 'O Valo' sobre persoas refuxiadas. Centro Cívico 'Os Mallos'. 17:30.
16-12-2017	Concello do Porriño / Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Centro Municipal. 17:00.
19-12-2017	Santiago de Compostela / Xuntanza de representantes da Comisión Executiva do Fondo Galego co director xeral de Relacións Exteriores e coa UE. EGAP. 10:15.

19-12-2017	Santiago de Compostela / Participación na xuntanza do CONGACODE. EGAP. 11:00.
23-12-2017	Concello de Alfoz / Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Centro Sociocultural. 18:00.
26-12-2017	Concello de Miño / Conto 'Antía, Wamba e o regato pequeno'. Centro Social da Rúa. 18:00.
12-12-2017 - 26-01-2018	Concello de Fene / Exposición 'Galicia-Cabo Verde: unha irmandade'. Casa da Cultura.
04-12-2017 - 31-01-2018	Concello da Pobra do Caramiñal / Exposición '20 anos a Fondo coa solidariedade'. Xardíns Valle-Inclán.

www.fondogalego.gal

XUNTA DE GALICIA

fondo galego de cooperación e solidariedade

cooperación galega

Coa colaboración de

IGADI

O Fondo Galego é membro da

CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade